

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 7

SESION ORDINARIA 27 DE ABRIL DE 2015

ASISTENTES

POLO GRUPO MPAL. SOCIALISTA

Excmo. Sr. Alcalde
Abelairas Rodríguez, Isaura
Alonso Suárez, Olga
Lago Rey, M^a Jesús
López Font, Carlos
Regades Fernández, David
Rivas González, Angel
Rodríguez Escudero, Cayetano
Rodríguez Díaz, Santos H.
Silva Rego, M^a Carmen

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Alonso Pérez, Fco. Xabier
Domínguez Olveira, Santiago
Veloso Ríos, Iolanda M^a

POLO GRUPO MPAL. DO PARTIDO POPULAR

Alonso Alonso, Alexia María
Araújo Pereira, Marcos.(incorporase máis tarde)
Bernárdez de Dios, Antonio
Cendón Alonso, M^a Teresa
Egerique Mosquera, Teresa
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José M
García Míguez, M^a Angeles
Iglesias Bueno, Marta
Muñoz Posse, Carlota
Pérez Dávila, Alejandro
Relova Quinteiro, Roberto F.

NON ASISTE:

Álvarez Pérez, José Luis (Partido Popular)

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás doce horas e seis minutos do vinte e sete de abril do ano dous mil quince, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Alonso, Alonso Pérez, Alonso Suárez, Araújo Pereira, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Domínguez Olveira, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Lago Rey, López Font, Muñoz Posse, Pérez Dávila, Regades Fernández, Relova Quinteiro, Rivas González, Rodríguez Escudero, Rodríguez Díaz, Silva Rego e Veloso Ríos, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excmo. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros

e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Luis García Álvarez.

PRESIDENCIA: Iniciamos o Pleno ordinario número 7, convocado para o día de hoxe despois do Pleno extraordinario, constátase quórum, xa hai sesión pública e iniciamos o Pleno.

PARTE RESOLUTIVA

1(80).- ACTAS ANTERIORES: (ACTA ORDINARIA DO 23.02.2015).

(Na votación atopase ausente o Sr. Araújo Pereira)

Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, aprobase a acta do Pleno da Corporación correspondente á sesión ordinaria do 23 de febreiro de 2015.

(81).-INTERVENCIÓN DE D. JUAN LAGO PÉREZ, EN REPRESENTACIÓN DO CLUBE DE FÚTBOL SAN ROQUE CASABLANCA DE VIGO, PARA EXPLICAR A PROBLEMÁTICA QUE SOFRE DITA ASOCIACIÓN. EXPTE. 1042/1101

ANTECEDENTES.- Con data de entrada no Rexistro do Pleno do 2 de febreiro de 2015, número 1042/1101, D. Juan Lago Pérez, presidente e na representación do Clube de Fútbol San Roque Casablanca de Vigo, presenta o seguinte escrito:

“Poder explicar ao Iltmo. Sr. Alcalde e aos concelleiros integrantes da Corporación municipal a problemática que sofre a nosa Asociación deportiva pola falla de instalacións deportivas na nosa barriada de Casablanca”.

PRESIDENCIA: Sr. Lago Pérez tome asiento, benvido a esta Pleno, estamos encantados de que vostede estea aquí, ten un tempo aproximado de 5 minutos, pode ser tomado cunha certa folgura, non excesiva, pero entorno a ese tempo. Moitas grazas, benvido, ten a palabra.

SR. LAGO PÉREZ: Moi bos días, Excelentísimo Señor Alcalde Presidente, Ilustrísima Señora Primeira Tenente Alcalde, señor concelleiro de deportes, señoras e señores concelleiros, comparezo ante vostedes no día de hoxe en calidade de Presidente e máximo responsable do clube de fútbol San Roque Casablanca, da barriada do seu mesmo nome, de carácter afeccionado, e para transmitirlelos graves problemas polos que atravesamos a nosa asociación deportiva, moi afastada na actualidade da nosa barriada natural e que fan previsible a súa pronta desaparición de non poñerlle efectivo remedio, motivo polo que temos a ben acudir a vostedes, en demanda de pronta axuda.

É a nosa Asociación unha das mais antigas e de maior tradición na ensinanza do deporte do fútbol da cidade, no arquivo informático do Clube temos rexistrados un total de 32.000 licencias deportivas que corresponden ou corresponderon no seu día a outros tantos mozos desta cidade, motivo que nos dá orgullo ao mesmo tempo que agradecemos a todos eles a súa confianza en nós para exercer o seu proxecto vital deportivo.

Para facer unha breve sinopse da nosa Asociación comezaremos por dicir que comezou a súa andadura no século pasado, aló polo ano 1917, fai pois 95 anos, adoptando o primeiro nome de Peninsular F.C. de Casablanca. Aquel animoso grupo de rapaces que por entón adestraban nun dos múltiples prados que poboaban a nosa popular barriada de Casablanca, arrancaron a historia dun proxecto que hoxe é unha fermosa realidade.

Aquel PENINSULAR F.C. que foi o xerme da nosa fundación, deu paso no ano 1931 a o C.D. CASABLANCA que presidiu o fotógrafo vigués Sánchez Ocaña, seguimos datándolles, loxicamente, no século pasado, e que marabillaba aos afeccionados desta cidade. Tanto era así que no ano 1952 o Real Clube Celta de Vigo propúxolle á nosa Xunta Directiva de entón, dirixida por D. José Cortegoso convenio de leal filialidade, pasando a chamarnos no tempo que durou esta filialidade Real Club Celta-Casablanca e competindo na Serie A.

Se eu lles digo a vostedes, estimados membros da Corporación municipal, un nome: Joaquin Fernández, posiblemente a moitos non lles dirá nada, pero si lle engado o seu nome de pila: Quinocho, posiblemente aqueles mais entendidos en fútbol me responderían “si, si, o popular Quinocho claro”. Efectivamente, ese popular Joaquin Fernández Santomé “Quinocho”, un dos mellores defensores do Real Clube Celta de Vigo formouse aquí, na nosa Asociación.

Ese popular Quinocho, era o mesmo que anos despois faleceu vilmente asasinado no leal exercicio do seu cargo de Xerente do Real Clube Celta de Vigo e que formaba parte dunha das aliñacións míticas que os afeccionados recitaban de memoria nos anos 50 no C.D. Casablanca. Que tempos tan brillantes e fermosos para a nosa entidade deportiva, centos de fotos e trofeos acumulados nun faiado dunha casa particular, embalados en 27 caixas de medio metro cúbico, ou sexa, 13 metros cúbicos de trofeos que poderían dicirlles a vostedes tantas cousas daqueles tempos si se puideran expoñer nalgún local social medianamente grande.

Seguramente que para aqueles mais entendidos no deporte que nós practicamos, aínda que hoxe o fútbol é tan mediático que disto agora entende e opina calquera, si lle dicimos pois, outro nome: Jonny Castro o asociarán moito mais rapidamente, corresponde a unha figura fulgurante do Real Clube Celta de Vigo actual, de 20 anos, campión de Europa Sub 19, Internacional Sub 20 e Sub 21 con España e amamantando aquí, neste Clube. Podería perfectamente estar aquí moito máis tempo do que non dispoño, dicíndolles cantidade de xogadores que engrandeceron a Vigo dende o noso Clube.

En fin, repasarlles apurando a miña intervención neste Pleno, dado que o tempo do que dispoño é moi escaso, a penúltima etapa deste Clube histórico que a partires do 1958 foi dirixido por un vigués distinguido: D. Armando Cajaraville Macias que estivo ao fronte do Clube nada menos que 50 anos, case nada! Imaxínanse vostedes Excelentísimo Señor, Ilustrísima señora e señoras e señores concelleiros, na actualidade, alguén que puidese facer esta fazaña deportiva de abnegación, sacrificio e amor pola xuventude viguesa, sería imposible de realizar sinxelamente.

Municipal Armando Cajaraville, na súa honra. Así rezan os carteis que vostedes poderán ver no campo de fútbol municipal de Samil, recentemente remodelado, e

que fai honra a este ser irrepetible, cheo de amor polo deporte de base, de sabedoría e bo facer, sempre disposto a axudar a todo o mundo, canto o votamos de menos.

Na actualidade, queridos membros da corporación municipal, o Clube, coa denominación de San Roque Casablanca prosegue a súa labor formativa nunhas condicións que queremos denunciar antes vostedes, e é por iso, polo que me atopo hoxe aquí.

O noso Clube, o único supervivente representante actualmente da zona centro da cidade, non dispón de instalacións propias ou na súa barriada, como xa dispoñen tódolos demais Clubes da cidade.

Para nós é certamente ferinte comprobar como algún Clube da cidade xa se encamiña en breve á construción do seu terceiro campo de fútbol mentres o noso segue esperando por ese primeiro campo.

Quede constancia moi clara, pola presente, que nós non denunciaremos que outros clubs compañeiros progresen e fagan o seu terceiro campo de fútbol, do cal temos que alegrarnos todos, o que denunciaremos é que nós, non teñamos dereito nin tan sequera a un.

A salvaxe especulación urbanística cometida co noso barrio, e certamente permitida, por aqueles que a vostedes lles precederon, xunto co urbanismo desenvolto nos anos 50 e 60, fixo que en Casablanca non quedase un só chisco de herba nos nosos campos.

Aqueles espazos verdes como o Campo de Granada onde corrían os nosos nenos, foron destruídos para construír edificios e mais edificios, canto mais altos moito mellor. Edificios que nos obrigaban a saír desterrados do noso querido barrio.

Nos últimos tempos chegamos a ter que adestrar en Vilar de Infesta, en Zamáns, en Sampaio ou agora finalmente en Samil, a 6 quilómetros da nosa barriada na zoa centro.

Por outra banda, informarlles que no campo de Samil dispoñemos de horas de adestramentos semanais, pero paradoxalmente, non dispoñemos de horarios libres para xogar cos nenos dos nosos equipos de fútbol base mais pequenos, dado que alí, tamén, no Municipal Armando Cajaraville de Samil, no campo que leva o nome do noso querido ex Presidente Armando, desenvólvese a actividade

das escolas deportivas municipais, os sábados, e os técnicos do Instituto Municipal dos Deportes de Vigo, e cada un dos responsábeis políticos que lexislatura tras lexislatura van pasando pola Concellería de deportes, todos sen excepción de cor ou forza política, dan por sentado que a actividade das escolas deportivas municipais de fútbol é moito mais importante que as dos nenos do noso Clube.

Non vou ser eu, quen entre a matizar se isto é adecuado ou non, eu como responsable máximo do Casablanca soamente teño a obriga de constatar ante vostedes que os nosos nenos pequenos xogan como locatarios: un día en Sardoma, outro en Matamá , outro en Candean ,outro no Carballal, e outro en Chapela; e dicir, dependemos sempre da xenerosidade dos nosos compañeiros, dos demais Clubes, estando sempre de prestado.

Somos pois, un Clube nómada dende que tivemos que saír da nosa barriada; todo o que temos é provisional e temos que estar dispostos a saír cas nosas cousas o lombo en calquera momento por calquera veleidade de alguén. Non competimos nas mesmas condicións que o resto dos nosos compañeiros. Mención aparte merece o trato que o Instituto Municipal dos deportes dá, tanto a nosa Asociación deportiva como ao resto de Clubes ensinantes de fútbol que utilizamos o dito servizo, prohibíndolle aos pais dos nosos nenos o acceso aos adestramentos, priorizando nalgúns casos a equipos de maiores, ía dicir barrigudos, pero esa palabra vouna retirar porque todo o mundo ten dereito a facer deporte, que alí xogan a fútbol 7 en prexuízo dos mais cativos, etc.... Para poñerlles un exemplo bastante gráfico, non ten moito sentido que un equipo adulto de 8 amigos de fútbol 7 que van xogar un partido semanal sen adestrar, dispute un partido non oficial un Sábado ás 5 da tarde, e un equipo federado, de nenos de 13 anos o faga ás 9 da noite no inverno. En fin, cousas inentendibles.

A Xunta Directiva do noso Clube , disposta a cambiar este rol de cousas e a buscar xustiza para a nosa entidade deportiva, solicitou mediante escrito dirixido a Alcaldía o día 10 de Marzo do ano 2.009, fai polo tanto disto 5 anos exactamente, e coincidindo co previsto inicio das obras da nova estación do AVE, que se reservase un espacio suficiente destinado a unha instalación deportiva para a nosa Asociación deportiva nesa actuación urbanística. Ese mesmo escrito foi remitido tamén por aquel entón ó señor concelleiro de Deportes Sr. Alonso, o día

16 de Marzo de ese mesmo ano 2.009.

O día 25 de Marzo de esas mesmas datas de 2.009, a Xerencia de Urbanismo, a través do seu responsable D. José Manuel Mariño Mendoza, acusaba recibo da nosa misiva, contestándonos que a nosa petición valoraríase no momento en que “se desenvolvese ese planeamento”.

O 18 de Outubro de 2.011, e dicir dous anos mais tarde, cursamos comunicación, rexistrada para a Tenencia de Alcaldía a atención da Sra. Silva, lembrándolle que o momento do desenvolvemento da actuación na estación de AVE chegaba, insistindo na nosa necesidade dunha instalación deportiva no barrio.

O día 9 de Xaneiro de 2013, rexistramos comunicación dirixida a Alcaldía e a o Ministerio de Fomento na que achegamos 7.000 sinaturas, que me acompañan aquí, de veciños e veciñas da nosa barriada e da barriada veciña do Calvario, que se atopan enriba desta mesa, e que nos amosaron todo o seu apoio á construción dunha nova instalación deportiva nos terreos destinados a zoa verde da nova estación do AVE, e que aquí hoxe traio comigo.

O mesmo día 9 de Xaneiro de 2.013, rexistramos comunicación dirixida ao Señor Presidente da Deputación Provincial, que foi admitida por rexistro, pero que non foi respondida ata a data de hoxe, descoñecendo o motivo e sen entrar a valoralo.

Un día despois do rexistro destas comunicacións a Alcaldía e Ministerio de Fomento, e dicir o 10 de xaneiro de 2.013, rexistramos comunicación para os grupos municipais do Bloque Nacionalista Galego, do Partido Popular e do grupo Socialista, todas elas con acuse de recibo, para darlle notificación dos nosos graves problemas.

A partires de entón, sinxelamente un pouco decepcionados, e co único obxectivo de defender os intereses dos nosos cativos, pois a nosa loita é unicamente por eles, o noso Clube solicitou a autorización á Subdelegación do Goberno en Pontevedra, para manifestarnos de forma lúdica e pacífica na rúa Urzáiz, que atravesa os antigos campos onde adestraban hai case que un cento de anos, os nosos avós e os nosos país. A forma de manifestarnos tamén foi moi significativa, nas 9 veces que así o fixemos, algo que chamou poderosamente a atención dos diferentes medios de comunicación da cidade, manifestámonos adestrando na rúa cos nosos cativos con total normalidade, algo insólito nunha cidade que parece que ten de todo, pero o noso barrio non.

Xa rematando co meu tempo, estimadas e ben queridas personalidades políticas mandatarias da cidade, moi pronto haberanse celebrar novas eleccións municipais, momento en que algúns de vostedes xa non estarán, outros quedarán.

Para ir concluindo a miña locución, solicítolle formalmente en nome dos meus compañeiros de Xunta Directiva e dos nenos do Barrio de Casablanca, a todos aqueles e aquelas, que deberán formar parte da seguinte Corporación Municipal, teñan a suficiente altura de miras para deixar a un lado as disputas partidarias, comprometéndose firmemente cos nosos cativos e a nosa barriada e cumprindo a ilusión desta Xunta Directiva que orgullosamente presido, facendo da nova estación de AVE un centro de referencia lúdico, de modernidade, de ocio e de deporte, ademais de comunicacións, claro está, creando así mesmo as zoas verdes necesarias para que os veciños de Casablanca e da zoa centro e o Calvario poidamos baixar a esa estación cos nosos cativos porque para nós nestes momentos só é un inmenso “mamotreto” cheo de cemento redobrado, do que xa tiñamos, e de aparcadoiros para coches. Xa non lles pediremos, porque igual sería demasiado pedir, que nos devolvan ao noso barrio a nosa Internacional Coral Polifónica Casablanca, orgullo desta cidade e en particular do noso barrio, e que en vez de andar dando tombos, de local en local de ensaio, ben podería esta Coral ter un auditorio fixo neste mesmo lugar. Que importante sería para a cultura do noso barrio e da zoa centro!.

En fin, finalizo, Excelentísimo Sr. Alcalde Presidente, Ilustrísima Sra. Tenente Alcalde, señor Concelleiro de Deportes, señoras e señores concelleiros, esperando que as nosas verbas poidan ser tidas en conta por vostedes, e brindando por un urbanismo amable co noso vecindario, e por un futuro mellor para os nosos fillos, moitas grazas a todos pola súa atención.

Quedan por suposto, todos vostedes convidados a celebrar o noso próximo centenario en 2.019, se fose posible, no novo Estadio Municipal de Casablanca como a todos nos gustaría.

Deséxolles que teñan un bo día e moita sorte a todos nas próximas eleccións. Reciban todos vostedes unha aperta deste histórico e humilde Clube.

Aupa Casablanca!

A Alcaldía-Presidencia dá as grazas pola súa intervención ó Sr. Lago.

DEBATE:

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Gracias pola súa intervención señor presidente do Clube Casablanca. Eu quero manifestar hoxe aquí en nome do Bloque Nacionalista Galego o que xa manifestamos naquel momento en que unha moción se trouxo a este Pleno precisamente polo devandito tema. Quero manifestar publicamente a nosa gratitude e a nosa solidariedade cun clube que, sen lugar a dúbidas, é innegable e incuestionable a colaboración e o traballo que fixo a prol do deporte en xeral desta cidade e do fútbol base en particular.

O Bloque Nacionalista Galego sempre se ten caracterizado e así o faremos sempre, por apoiar sen lugar a dúbidas e sen fisuras a todo aquilo que teña que ver co deporte base da nosa cidade, deporte base que ademais constitúe, igual que fai hoxe o Clube Casablanca, sen lugar a dúbidas os piares básicos para que a practica deportiva na nosa cidade se siga estendendo e se sega consolidando, hai outras modalidades deportivas outros clubs deportivos que pasan efimeramente pola nosa cidade, que chegan a estar arriba, que logo desaparecen, non é o caso dos clubs de base desta cidade e non é o caso, por suposto, deste Clube San Roque Casablanca. Por iso como manifestábamos naquel momento, temos que dicir dende o Bloque Nacionalista Galego que apoiamos sen fisuras tamén a reivindicación do Clube Casablanca que igual que calquera outro clube ten dereito tamén a ter instalacións o máis preto posible a realización das súas actividades e onde se configura o seu entorno.

Apoiaremos sempre polo tanto e así lle pedimos ao Alcalde desta cidade e facemos tamén extensible á próxima corporación, así o Bloque Nacionalista Galego pediralle que se busque unha solución á ausencia dunha instalación tan necesaria para estes nenos/as deste clube tal e como explicou o presidente.

O que dixemos tamén naquel momento é que non é unha cuestión de se ten que estar esa instalación nun lugar ou noutro, o que ten que facer un goberno municipal é buscar solución axeitada, e o máis preto posible ao que están reclamando Casablanca para esa instalación deportivo, porque moito nos tememos que se nos fiamos á vontade de Fomento que é quen ten a última competencia de

desenvolver esa estación, moito nos tememos que isto poida pasar como xa pasou como o AVE, moito nos tememos que no 2019 o equipo Casablanca non teña para celebrar ese centenario, ese campo de fútbol. Moito nos tememos porque estamos vendo que algo tan importante ó igual que para a cidade algo tan importante como a famosa e futura estación intermodal, non aparece por ningún lado o desenvolvemento desa instalación, nos tememos que se de Fomento nos fíamos isto poida ser igual que o AVE que ía chegar no 2012, no 2015, no 2018 e agora realmente a súa finalización xa nin se sabe.

Polo tanto, nós o que pedimos a este goberno e ao futuro goberno que saía das próximas eleccións, que se poñan a traballar, que busquen unha solución para que esta demanda que nos parece xusta poida ser atendida no seu debido tempo e co que se merece todo o que hai detrás da historia e das persoas que forman este clube.

SR. FERNÁNDEZ PÉREZ: Estimado Sr. Lago, presidente do San Roque Casablanca, no nome do grupo Socialista e no nome do Goberno, quéro lle manifestar o noso recoñecemento á súa intervención e o noso recoñecemento máis sentido fundamentalmente polo traballo que vostede, a súa xunta directiva e todo o seu clube desenvolve na nosa cidade. Son vostedes unha referencia no mundo do deporte, unha referencia no mundo do fútbol, teñen vostedes un amplo arreigame, un amplo prestixio, non só polo súa labor deportiva senón pola súa labor social e representan vostedes, con sinceridade, o mellor da nosa cidade, vostedes xunto con outras entidades deportivas. Polo tanto, o noso máis profundo recoñecemento e agradecemento pola súa labor.

En segundo lugar, téño lle que transmitir que dende o grupo Socialista expresa todo o seu apoio á iniciativa que vostedes expoñen no seu escrito e na súa intervención, porque somos conscientes que responden as súas necesidades, que responden ao traballo que vostedes fan e responden incluso aos obxectivos que a cidade e o goberno se teñen marcado e vanse seguir marcando. Polo tanto, quero lembrar que no pasado 27 de outubro o grupo Socialista presentou unha moción sobre este tema apoiando esta iniciativa de que o clube deportivo Casablanca poda desenvolver as súas actividades no entorno no que reside, e solicitá bamos ao Goberno do Estado a través do Ministerio de Fomento, que desenvolvera os

traballos necesarios para poñer en marcha esta iniciativa, e lembro e quero lembrar para a memoria de todos, que esa iniciativa do grupo Socialista foi aprobada por 23 votos a favor do Partido Popular e do grupo Socialista, e tres abstencións do Bloque Nacionalista Galego. Pois con ese traballo imos seguir polo ben do deporte, para desenvolver o deporte e tamén para que o Clube Casablanca en xustiza poida desenvolver o mellor posible a súa actividade. Non o dubide, estimado amigo Sr. Lago, imos estar no seu próximo centenario, no ano 2019, porque terán vostedes larga vida e polo tanto, alí estaremos como goberno ou como cidadáns, pero estaremos con vostedes, non o dubiden.

En terceiro lugar, quero reafirmar como vostedes xa coñecen o compromiso do goberno co mundo do deporte, e especificamente con Casablanca, saben vostedes que o goberno ven de poñer en marcha un novo campo de fútbol en Navia, ven de reformar o campo das Travesas, ven de reformar o campo de Samil e está en próximas datas a poñer en marcha o campo da Etea, nesa posta en marcha e desa reorganización non o dubide Casablanca, van ter vostedes maior capacidade de espazo para desenvolver as súas actividades. E saben vostedes tamén que o goberno está desenvolvendo os traballos para mellorar e optimizar o campo do Colexio Hogar de San Roque e o campo do Carballal, dúas novas instalacións deportivas para o fútbol, para que iso se poida desenvolver co compromiso do goberno de que non haxa ningún campo de fútbol en Vigo que non estea actualizado, modernizado, optimizado e todos teñan céspede artificial e non teña terreo de xogo de terra.

Polo tanto, nese eido seguimos a traballar cheos de ilusión, de esforzo, de compromiso porque o deporte é unha parte importante de Vigo e polo tanto, como vigueses necesitan o apoio, o alento do goberno e niso estamos comprometidos. Novos espazos para o deporte aparecerán ante nós, novas infraestruturas e campos de fútbol, novas actividades e programas deportivos, novos apoios á formación e ao emprego no deporte, novos proxectos para o deporte de formación e para o deporte base, con esta situación ese é o noso compromiso e non teñan dúbidas, verémonos no 2019, na celebración do seu centenario. En conclusión verémonos no terreo de xogo, gracias Casablanca.

SR. FIGUEROA VILA: Nós imos loxicamente a apoiar esta proposta, esta é unha

proposta moi vella, moi coñecida nesta cidade e sobre todo polo traballo que ven realizando o Casablanca, creo que o que está pedindo é un tema de xustiza, un tema de que a súa instalación deportiva estea o máis próximo posible aos seus veciños e veciñas, e sobre todo nunha situación que sería estratéxica non só para a cidade de Vigo senón a nivel deportivo. Pero tamén é certo que eu tiven a sorte, non sei se sorte ou desgracia no seu momento de ter coñecemento e relación coas persoas que aquí acaba de expresar o Sr. Lago, tanto de Quinocho como de Cajaraville, que foron persoas incansables que sempre levaron o escudo do Casablanca, e tamén por suposto ao Jonny como aficionado, pero quédome un pouco defraudado, porque o importante é ver se hai posibilidades ou non, e que dende o Concello de Vigo, entre todos, sexamos capaces de que a petición que fai o Sr. Lago, que tamén por certo quero darlle as grazas polo seu traballo de moitos anos, substituíndo naquel momento ao Sr. Cajaraville, a posibilidade do campo na estación do AVE é posible ou non é posible? Eu dende logo gustárame centrar o debate nesa cuestión para saber dunha vez por todas se as persoas que teñen que tomar responsabilidades no futuro poden contar con esa instalación ou non poden contar con eses terreos, iso é o que me preocuparía.

Que todos queremos ao Casablanca e que todos queremos apoiar o Casablanca, eu non teño ningunha dúbida de que os 27 que estamos neste Pleno queremos apoiar ao Casablanca, eu dende logo tiven a sorte, naquel momento cando se construíu esa instalación de herba sintética e tanto esa como o campo das Travesas, eu era o responsable de Deportes, pero dito iso o Casablanca non quere continuar nesas instalacións, quere coñecer se na estación do AVE se pode facer ou non unha instalación nova.

Esa é a pregunta e o escenario que eu me quedo, quédome coa responsabilidade que me toca, que pertenzo a un partido político que está facendo unha obra nun escenario determinado, e dende logo eu fixen as xestións que tiña que facer, de momento non hai documentos, pero a min gustárame que por parte do Concello se puidese trasladar un pequeno documento de que posibilidades hai ou que propostas fai o Concello para trasladarlle a Fomento para ver si é viable ou non é viable, punto. Si é viable tiramos todos para adiante, buscaremos o financiamento porque non creo que ese sexa o maior problema, e senón é viable non enganamos ao Casablanca nin nos enganamos a nós mesmos, porque como isto leva tanto

tempo, volvo repetir non é unha cuestión de facer críticas de nada, estou facendo autocrítica xeral de todo.

Polo tanto, Sr. Alcalde a min gustaríame que dende o Concello, dende o departamento que corresponda que miren que posibilidades reais hai, e que iso se nos traslade se quere directamente a nós senón que o faga vostede directamente dende a Corporación ao Ministerio de Fomento e nós faríamos á inversa, miraríamos e intentaríamos axilizar a posibilidade de que ese campo se puidera construír ou non se poida construír.

Creo que chegou o momento de ou si ou non, valga a redundancia da expresión, é dicir, non podemos estar dicindo que se para a próxima corporación que se pode ser para o centenario, etc. eu dende logo é como miro este tema, como sinto esta tema e como o vivín dende un principio, loxicamente gustaríame ter unha resposta. Nós fixemos 14 campos de fútbol, eu fun presidente dun equipo de fútbol que é o Gran Peña e resulta que o único campo que quedou sen construír, os dos poucos que quedou sen construír foi o do Gran Peña, imaxínense vostedes que frustración debo ter eu, que se fagan 14 e o único onde fun presidente ao final tampouco ten campo, é dicir, estou na mesma situación que o Sr. Lago cunha diferenza que el está alí tódolos días cos nenos/as e eu non teño esa responsabilidade agora pero cando a tiven sei o que significa iso. Polo tanto, eu creo que se queremos ser operativos eu buscaría esa posibilidade Alcalde de que dende o Concello, do departamento que corresponda nos digan que posibilidades técnicas hai para poder levar a cabo ou non a construción do campo.

PRESIDENCIA: Moitas grazas Sr. Lago pola súa intervención, presenza. Quero dicir que o que propoñedes, que empezou sendo unha idea orixinal, nova na cidade, se converte de súpeto nunha forma distinta de entender Vigo, á propia a cidade, o urbanismo, os lugares emblemáticos de Vigo e polo tanto é unha idea na que se teñen que combinar accións deportivas, cidadáns e accións de transportes, é certo que na nova configuración da estación do tren de alta velocidade que coñecemos neste momento queda espacio suficiente para construír unha instalación deportiva destas características, suficiente e sobrada. Certo que na anterior visión que ocupaba todo o espacio a propia superestructura, era máis complexo, pero neste momento é perfectamente viable en termos de espacio, estamos á espera de

coñecer a dimensión exacta da estación de Thom Mayne, que aínda non está contratada, non é un motivo de debate neste momento pero non está contratada aínda, pero sabemos que pola súa propia situación e o que acordamos co Ministerio de Fomento que quedan dous espazos laterais no actual teito da actual estación ferroviaria, na que en cadaun deles cabería un campo de fútbol, ao menos. Polo tanto, atopámonos con que hai espazo.

Segundo, é unha forma nova de entender o centro das cidade porque non hai outro espazo para establecer e deseñar unha instalación deportiva desta magnitude, non hai outro espacio no centro da cidades, por isto a idea resulta ser finalmente brillante, viable, plausible, sen un custe excesivo pero con esta gran novidade que se está empezando a dar en tantas cidades de Europa, de utilizar grandes instalacións no centro das cidades para desenvolvementos deportivos.

Será xa unha cuestión da próxima corporación e polo tanto, no nome do meu grupo na próxima corporación, non vou facer aquí un adianto do que os cidadáns decidirán o 24 de maio, hai que ser respectuosos coa súa decisión, pero pódolle asegurar que a nosa vocación e vontade neste momento é de ir adiante con esa construción e dar tódolos pobos necesarios dende este Concello para conseguila porque é un gran adianto na forma de entender unha cidade, non só polo Casablanca, que tamén, polo clube que será o principal beneficiario senón pola propia visión da cidade.

Transformar dous espazos de cemento sen ningunha utilidade en espazos deportivos e neste caso nun clube, así o faremos o proxecto, así o enviaremos a Fomento, xa lle contesto Sr. Figueroa, enviarase ao Ministerio e iniciaremos unha negociación co Ministerio aos efectos de que no proxecto definitivo que se elabore apareza esta instalación deportiva, iso foi o que nos guiou na moción que presentamos hai uns meses para dirixir esta idea, e neste momento coa súa intervención, que agradezo no nome do Pleno profundamente, moitas grazas.

2.- DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS.

Non houbo.

3.- DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:

4.- PROPOSICIÓNS MENCIONADAS NO ARTIGO 63 DO REGULAMENTO DO PLENO.

Non se realizaron.

Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.

PRESIDENCIA: Queremos ademais que este minuto de silencio se faga extensivo ao noso rexeitamento profundo do salvaxe atentado que tivo unha moza viguesa hai unhas semanas en grave acción de violencia de xénero. Seguro que nisto represento a vontade colectiva dos 27 membros do Pleno.

5.- MOCIÓNS:

5.1(82).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A MODIFICAR A LEI DE INCLUSIÓN DE GALICIA EN DIVERSOS ASPECTOS. EXPTE. 1062/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 16 de febreiro de 2015, número 1062/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Abelairas Rodríguez, formula a seguinte,

MOCIÓN

O pasado mes de xaneiro a Xunta de Galicia presentou a “Estratexia de Inclusión Social de Galicia” 2014 - 2020.

O II PGIS 2007-2013 progresou no establecemento dun marco de coordinación e colaboración da Administración pública autonómica coas corporacións locais e coas entidades de iniciativa social, para o que se dotou de financiamento, axenda e obxectivos compartidos.

Un dos factores de vulnerabilidade máis importantes é a situación de desemprego. Este factor está presente no 95% da poboación participante. Ademais, dúas de cada tres persoas participantes atópase en paro e non percibe prestación ou subsidio vinculados á esa situación; sendo preciso aclarar que neste grupo se sitúan moitas das persoas que perciben a RISGA.

Case un 40% das persoas incorporadas ao Plan de Inclusión presentan a escaseza de recursos como causa principal da súa situación ou risco de exclusión social. En menor proporción, atópase neste rango de importancia a condición de persoa inmigrantes (nun 14%) e a situación de desemprego de máis dun ano de antigüidade (para un 11% do total).

Ao longo do período 2007-2013 hai que salientar os importantes cambios que se produciron no perfil das persoas participantes no Plan de Inclusión. Así, aumentaron de xeito significativo as persoas cuxa problemática principal é a escaseza de recursos e o paro de longa duración,

O indicador AROPE (*At Risk Of Poverty and/or Exclusion*) trátase dun indicador complexo que a Unión Europea dispuxo para medir o impacto dos progresos orientados á consecución dos obxectivos establecidos na Estratexia Europa 2020 e, a través da harmonización de indicadores no marco de EUROSTAT, permitir establecer comparativas entre os Estados Membros. O indicador revela o número de persoas que se atopan en risco ou situación de exclusión social pola confluencia dun ou varios dos seguintes parámetros:

- ⌞ Viven nunha situación de pobreza relativa en termos de renda, con ingresos inferiores ao 60% da mediana do ingreso equivalente
- ⌞ Sofren unha situación de privación material severa
- ⌞ Residen en fogares cunha intensidade do emprego moi baixa ou nula (por debaixo do 0,2)

Segundo revelan os datos do IGE para o ano 2012, case unha de cada catro persoas galegas (o 23,58%) atópase nunha situación ou en risco de pobreza ou exclusión social. Esta taxa está por debaixo da media que se rexistra en España e para o conxunto dos Estados membros da Unión Europea.

A Lei 10/ 2013, do 27 de novembro , de inclusión social de Galicia establece que para a valoración técnica da situación de exclusión social, e de conformidade co establecido na propia lei e na normativa de desenvolvemento, verificarase a ausencia ou déficit grave de recursos económicos e a situación de desemprego así como a cocorrencia dalgún dos seguintes factores de exclusión :

- a) Estar nunha situación de cargas familiares non compartidas.
- b) Estar en proceso de rehabilitación social, como resultado dun programa de

deshabitación

de substancias adictivas ou de calquera outra adicción que produza efectos persoais

e sociais de natureza semellante.

c) Ter a condición de muller vítima de violencia de xénero.

d) Ser unha persoa vítima de violencia doméstica.

e) Ter unha discapacidade valorada superior ao 33 %.

f) Ser inmigrante ou emigrante retornado.

g) Proceder de institucións de protección ou reeducación de menores.

h) Proceder de cumprimento de pena nunha institución penitenciaria.

i) Ser unha persoa sen fogar ou habitar nunha infravivenda.

j) Pertencer a unha minoría étnica.

k) Estar en proceso de abandono do exercicio da prostitución ou ser vítima de explotación

sexual-laboral en redes de prostitución ou de trata de persoas.

l) Ter a condición de persoa transexual ou estar en proceso de reasignación sexual.

m) Calquera outro factor non previsto expresamente neste artigo sempre que, ponderado

polos servizos sociais comunitarios no contexto persoal, familiar e social da persoa,

De esta forma non se considera como causa suficiente de exclusión a ausencia ou deficit grave de recursos contradecendo o plan estratéxico elaborado pola Xunta de Galicia.

Ademais, non se contempla o que emprego precario de baixos ingresos sexa compatible coa percepción da RISGA o que, obrigará as persoas nesta situación a deixar o emprego ou ben a traballar sen contrato para poder percibir as prestacións.

Polo anteriormente exposto propónse ao Pleno da corporación a adopción do seguinte:

ACORDO

Instar a Xunta de Galicia para que modifique a Lei de inclusión de Galicia nos seguintes aspectos:

1.- Considerar a a ausencia ou deficit grave de recursos como causa suficiente para ser receptor das prestacións reguladas na lei sen necesidade da concorrencia de ningún dos outros factores de exclusión.

2.- Permitir que as persoas que perciben un salario por debaixo da cuantía da prestación social poidan manter o salario e unha prestación diferencial complementaria ata a cuantía da RISGA.

Con data 16 de febreiro de 2015, a Comisión Informativa de Política Social, Cultura

e Deportes ditaminou favorablemente dita proposta.

DEBATE:

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Esta é unha Lei que presenta pasado o mes de xaneira a Xunta de Galicia, titulada Estratexia de exclusión social de Galicia 2014-2020, que ven demostrar unha vez máis o pouco que lle impórtanos cidadás galegos ao goberno do Partido Popular.

O segundo plan galego de inclusión social do ano 2007-2013, progresou no establecemento dun marco de coordinación e colaboración da administración pública autonómica coas corporacións locais e coas entidades de iniciativa social para o que se dotou de financiamento de axenda de obxectivo compartidos. Un dos factores de vulnerabilidade máis importante é a situación de desemprego, este factor está presente no 95% da poboación participante, ademais dúas de cada tres persoas participantes atópanse en paro e non percibe prestación de subsidio vinculados a esta situación, sendo preciso clarexar que neste grupo se sitúan moitas das persoas receptoras da RISGA. Case un 40% das persoas incorporadas ao Plan de Inclusión presentan a escaseza de recursos como causa principal da súa situación ou risco de exclusión social.

Ao longo do período 2007-2013 hai que salientar os importantes cambios que se produciron no perfil das persoas participantes no Plan de Inclusión, así aumentaron de xeito significativo as persoas cuxa problemática principal é a escaseza de recursos e o paro de longa duración.

O indicador AROPE, trátase dun indicador complexo que a Unión Europea dispuxo para medir o impacto dos progresos orientados á consecución dos obxectivos establecidos na estratexia Europea 2020, e a través da organización de indicadores no marco Eurostar, permite establecer comparativas entre os estados membros, o indicador revela o número de persoas que se atopan en risco ou situación de exclusión social pola confluencia dun ou dos varios seguintes parámetros: viven nunha situación de pobreza relativa en termos de renda, con ingresos inferiores ao 60% da mediana de ingresos equivalente, sofren de privación material severa ou residen en fogares cuxa intensidade de emprego é moi baixa.

Segundo rebelan os datos do Instituto Galego de Estadística para o ano 2012, case unha de cada catro persoas galegas atópase nunha situación ou en risco de pobreza ou exclusión, esta taxa está por debaixo da media que rexistra en España, e para o conxunto dos estados membros da Unión Europea. A Lei 10/2013, do 27 de novembro, de Exclusión social de Galicia, establece que para a valoración técnica da situación de exclusión social e de conformidade co establecido na propia Lei e na normativa de desenvolvemento verificarase a ausencia ou déficit grave de recursos económicos e a situación de desemprego, así como a concorrencia dalgún dos seguintes factores de exclusión.

Por si non está moi claro, que significa? Significa que non se vai ter en conta só como criterio o parámetro de situación de desemprego, o parámetro de non ter ningún recurso, ten que ter ademais, e leo, “estar nunha situación de cargas familiares non compartidas, estar en proceso de rehabilitación social como resultado dun programa de deshabitación de substancias aditivas, ter a condición de muller vítima de violencia de xénero, ser unha persoa vítima de violencia doméstica ter unha discapacidade valorada superior ao 33%, ser emigrante ou emigrante retornado, proceder de institucións de protección e reeducación de menores, proceder dun cumprimento dunha pena, ser unha persoa sen fogar, pertencer a unha minoría étnica, estar en proceso de abandono do exercicio da prostitución, ou ser vítima de explotación sexual, ter a condición de persoa transexual ou calquera outro factor non previsto neste artigo, sempre que sexa ponderado polos servizos comunitarios”. Desta forma non se considera como causa suficiente de exclusión a ausencia ou déficit grave de recursos, contradicindo o Plan Estratégico elaborado pola Xunta de Galicia.

Ademais non se contempla que o que o emprego precario de baixos ingresos sexa compatible coa percepción da RISGA, o que obrigará a estas persoas nesta situación a deixar o emprego ou ben a traballar sen contrato para poder percibir prestacións, e aquí quero poñer de manifesto un caso moi concreto dunha señora que ten uns ingresos de 135 euros declarados, porque traballa un par de horas nunha casa e que ten que optar ou ben por percibir a RISGA ou ben por deixar de traballar, e son 135 euros o que está percibindo esta señora, se non declara os 135 euros pode seguir cobrando a RISGA, co cal, que pretenden dende o Partido Popular da Xunta de Galicia? Que se comentan ilegalidades?.

Polo anteriormente exposto propónse ao Pleno da corporación a adopción do seguinte acordo; instar á Xunta de Galicia para que modifique a Lei de inclusión de Galicia nos seguintes aspectos: considerar a ausencia ou déficit grave de recursos como causa suficiente para ser perceptor de prestacións reguladas na Lei, sen necesidade da concorrencia de ningún dos outros factores de exclusión.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Estamos totalmente de acordo dende o Bloque Nacionalista Galego con esta moción Sra. Abelairas, non podía ser doutro xeito. En resumo para o Partido Popular e para a Xunta de Galicia esta Lei de inclusión social dí moi claramente que non chega con ser pobre e non ter recursos senón que ademais de ser pobre non ter recursos tes que vivir debaixo dunha ponte, tes que coller as persoas que ti tes ao teu cargo e levalas non sei onde, en definitiva, tes que ser pobre e practicamente vivir nun campo de refuxiados, para que podas ter acceso a algo tan, eu diría que xusto non é a palabra, o seguinte, algo tan xusto e necesario para que unha persoa poida polo menos ter a mínima posibilidade de loitar en contra da exclusión social ou en contra da pobreza.

Parécenos que nos temas realmente importantes, nos que afectan realmente a darlle á xente aos homes e mulleres de Galicia esa posibilidade, esa esperanza de saír da pobreza, esta lei de inclusión social evidentemente non contempla absolutamente ningunha.

Estou de acordo coa Sra. Abelairas en que é un claro retroceso daquel primeiro Plan de Inclusión social do 2007-2013, que si contemplaba non só unhas medidas tendentes a quitar á xente da inclusión social e da pobreza senón a un acompañamento sistemático para que ese risco non volvera a suceder, isto evidentemente non se contempla hoxe.

Seguimos asistindo a unha espera de case un ano para que unha persoa poida cobrar a RISGA, isto é algo do terceiro mundo, é dicir, non só non vale con que sexas pobre senón que ademais de ser pobre tes que seguir sendo durante un ano un auténtico indixente, por así dicilo, porque dende a Xunta de Galicia e nesta Lei de exclusión social non se contempla absolutamente período claros e non se contempla algo moi importante, e é que a xente que ten que esperar oito meses ou un ano para cobrar a RISGA, debería cobralo con carácter retroactivo dende o primeiro día que presenta a solicitude porque se supón que dende ese día é unha

persoa sen recursos e sen as mínimas necesidades, isto non aparece nesta nova lei.

Seguimos efectivamente sen que a lei permita compatibilizar que unha persoa que poida encontrar un traballo de dúas ou tres horas, e cobrar cento e pico de euros ou cobrar 200 euros, que se lle permita compatibilizar co diferencial da RISGA, pois isto non sucede e sabemos que isto avoga a moitas persoas a ter que cobrar en negro, e non poder ter un contrato de traballo digno como se merece calquera tipo de persoa.

Ademais hai outra cuestión, tampouco se compatibiliza esta RISGA coas pensións non contributivas, algo que debería ser elemental porque parece que para os señores do Partido Popular con trescentos e pico de euros ou con 256 euros, unha persoa pode vivir dignamente e todos sabemos que iso é imposible.

Hai máis, tanto presumir o Sr. Feijóo e a Xunta de Galicia do Partido Popular da Lei e das axudas que facían ás persoas con discapacidade ou ás persoas con cualificación de dependencia, pois resulta que tampouco se contempla que un dos apartados que debe levar a conceder a RISGA a que estas persoas teñan ao seu cargo algún tipo de persoas maiores con discapacidade ou con algún grado de dependencia. Tampouco se contempla as unidades técnicos-administrativas de apoio aos órganos de resolución e estas unidades son fundamentais para que unha persoa non teñan que esperar un ano para cobrar a RISGA.

Podería seguir aquí falando de moitas máis cuestións que esta lei non contempla e que avoga evidentemente ás persoas en risco claro de exclusión social e que xa se atopar na pobreza que as avoga a seguir desgraciadamente nesa situación. Todas estas cuestións xa as propuxemos cando o debate desta lei, o Bloque Nacionalista Galego xa ten presentado todas estas emendas ao Parlamento galego e como sempre o Partido Popular aplicando o rolo non aceptou practicamente ningunha. O Partido Popular en materia social segue aplicando o rolo para aqueles que menos teñen segan tendo menos e para aqueles que se atopar nun grave risco de exclusión e nun grave risco de pobreza segan estando nesa situación.

SRA. CENDÓN ALONSO: Penso que nalgún momento estamos a confundir o Plan coa Lei de Inclusión e hai que diferenciar unha cousa da outra, aínda que estean coordinadas. A Lei de Inclusión Social de Galicia veu a modificar unha que levaba

en vigor 21 anos e que tiña que adaptarse á realidade actual, eu destacaría tres principios desta lei, é unha lei consensuada, que responde ao traballo que se fixo cos axentes sociais e o que se dixo no debate desta autonomía, é unha lei baseada nunha estratexia de coordinación de políticas sociais de emprego, que fai a RISGA máis flexible porque a integración só pode ir ligada se se pretende que sexa definitiva a un emprego. Dalgún maneira desvincúlase dun mero subsidio, o que busca é a reinserción, apoiar a tódolos aqueles que queren saír desta situación e dicirlles podedes saír e cun emprego.

Penso que este é un dos factores positivos, pero non se descoida para nada as rendas de inclusión social, agora denominadas, non se descoidan porque quero lembran que no 2009 o Goberno da Xunta de Galicia, o bipartito, destinaba 21 millóns de euros á RISGA, neste momento dedícase 48 millóns, ou sexa pasouse de 21 millóns a 48 millóns, penso que iso é un avance.

Con respecto ás achegas dos grupos parlamentarios Sr. Domínguez é que aceptáronse o 60% das achegas é máis, o grupo Socialista presentou 38 emendas, concretamente a segunda fai referencia ao primeiro punto que vostede propón no seu acordo, Sra. Abelarias, esta emenda foi aceptada, pódese dicir que os criterios están consensuados co Partido Socialista porque os aceptou, a súa emenda foi aceptada, insisto, non sei se vostedes van por libre ou non están coordinados co Grupo parlamentario pero este estaba plenamente de acordo.

Si que hai unha cousa, a lei considera calquera circunstancia, ten que ser ponderada polos servizos sociais comunitarios, sorpréndeme que na súa moción xustamente o punto m) de valoración está cortado, e ademais penso que está cortado con tipex porque ten a coma e hai un espazo maior que no resto da emenda e aí é onde recolle isto precisamente, que calquera circunstancia ponderada polos servizos sociais comunitarios, ese é o problema que temos, o problema que temos é que os servizos comunitarios neste Concello están colapsados e non pode dar resposta e non pode facer os informes que se precisan, ese é o problema pero iso xa o debatemos noutro Pleno.

Con respecto ao segundo acordo, non o entendo porque esta lei é a primeira que inclúe a percepción de salarios precarios discontinuos e baixos coa percepción da RISGA, antes o que pasaba era que as persoas que percibían a RISGA se tiñan un contrato ou tiñan un curso de formación como lle quedaba suspendida rexeitábano

e nunca podía saír desa situación, nesta lei que establece a RISGA por tramos, efectivamente no tramo de transición ao emprego contempla, pero textualmente, que estes traballo son compatibles coa RISGA ademais cun límite de 865,89 euros, son compatibles. Trae vostede aquí un caso illado eu podería traer aquí 50 de compatibilidades, da igual. Non imos entrar o tema porque efectivamente Sr. Domínguez, hai cousas que poden ser mellorables, nós non estamos por aceptar atrasos na RISGA, o auténtico problema é que os informes deste Concello que se téñen que emitir en menos dun mes emítense en seis meses.

Por último, Sra. Abelairas, calquera modificación dunha lei hai que facela no Parlamento porque aí está o órgano lexislativo, sae dende Mostesquieu, a democracia establece que o goberno, a Xunta de Galicia é o executivo, entón o seu grupo pode facer e pode solicitar as modificacións que considere, de feito está presentada a modificación da Lei de servizos sociais de Galicia, utilicen o mesmo modelo, operen, falen co seu grupo parlamentario e que solicite as modificacións necesarias, en democracia é así, o Goberno non pode modificar as leis, ten que ser o Parlamento democrático de Galicia o que modifique unha lei aprobada e consensuada alí.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Sra. Cendón, minte conscientemente ademais, é vostede unha mentireira. Voulle contar dúas cousas, o goberno do Sr. Feijóo que recortou en acción social e en promoción social máis de 132 millóns de euros, sendo conselleira de Facenda unha señora que anda por aquí por Vigo intentando que a coñeza alguén. Aténdame Sra. Cendón, mire para aquí, eu creo que xa llo presenteí algunha vez, mire para este gráfico, Plan concertado, Lei de dependencia, a liña vermella corresponde a Vigo, a liña de cor amarelo corresponde a Ferrol. Esta liña vermella é Vigo, a liña amarela é Ferrol, creo que somos case 300.000 habitantes en Vigo, en Ferrol sesenta e tantos, este investimento é da Xunta de Galicia, eu creo que o clima debe influír en Ferrol e non hai ningún dependente en Ferrol, non pode habelo, están todos atendidos, en Vigo non. Esta é o investimento da Xunta de Galicia, non mintan.

Fala vostede da RISGA, da tramitación da RISGA, que investimento fai a Xunta de Galicia, porque aquí está todo o investimento, en persoal, para persoal, para poder

atender aos dependentes, para poder facer as tramitacións en A Coruña son exactamente case tres millóns de euros en investimentos, e nós estamos ao mesmo nivel de Ferrol cun 1.500.000 de euros, iso é o que nos dan vostedes para persoal e para atender aos dependentes.

Xantar na Casa, cero patatero, e digo cero patatero, vanme perdoar, alguén puxo de fama o cero patatero, Xunta de Galicia para Xantar na Casa, cero patatero, Xunta de Galicia para programas de infancia e familia cero patatero, para bolsas de libros, cero patatero, para o Albergue, cero patatero, bono taxi, cero patatero, teleasistencia, cero patatero, adaptación de fogares para as persoas con discapacidade que teñen que adaptar un baño porque non se poden bañar, a Xunta de Galicia, cero patatero, en axudas de emerxencia, cero patatero, e lles quero lembrar a todos que é unha partida aberta, con máis de medio millóns de euros, axudas extraordinarias a familias mais de dous millóns de euros, cero patatero. Non podo baixar porque ademais voules a explicar unha cousa, Sra. Cendón, vostede que é moi lista, sabe canto financian vostedes.

DEBATE:

VOTACIÓN: Con catorce votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e doce votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señores e señoras Alonso Alonso, Araújo Pereira, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Muñoz Posse, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 16.02.2015 (Rex. Nº 1062/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Abelairas Rodríguez, cuxo texto

consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

5.2(83).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A ELIMINAR O CANON DA AUGA E INVESTIR O QUE COBROU NA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 1086/1101

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 16 de abril de 2015, número 1086/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Regades Fernández, formula a seguinte,

MOCIÓN

"O canon da auga -tributo creado pola Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia-, comezou a aplicarse a partir do 1 de xullo de 2012.

O incremento que se produciu pola aplicación do novo canon da auga da Xunta de Galicia fronte ao canon de saneamento para un consumo doméstico de 15 m³/mes, foi aprox. do 36% (incremento global na factura do 6%).

Para unha pequena empresa cun consumo de 2.988 m³/ano, o incremento que se produciu pola aplicación do canon da auga fronte ao canon de saneamento, foi aproximadamente do 106% (incremento global na factura dun 8%).

De feito, a cifra recadada pola aplicación deste novo canon autonómico, en relación co canon de saneamento que se viña aplicando, aumentou considerablemente.

As entidades subministradoras de auga veñen obrigadas a incluír o canon da auga na propia factura da auga, polo que o seu pago se fai en conxunto co resto da factura. Posteriormente, as entidades subministradoras deben ingresar o importe percibido a Augas de Galicia. De modo que un porcentaxe de cada recibo é o canon que impón a Xunta de Galicia, un tributo que sube cada ano.

O canon da auga ten dous compoñentes: un fixo (consiste nun importe mensual que deben pagar todas as vivendas indistintamente do volume de auga consumido) e outro variable. Dende a súa creación, ambos dous compoñentes experimentaron subidas.

A subida do canon da auga provoca, en consecuencia, incrementos na factura.

E por isto que propoñemos o Pleno da Corporación o seguinte:

ACORDO

-Instar á Xunta de Galicia a eliminar de forma inmediata o canon da auga e a invertir na cidade o que cobrou por este concepto nos anos anteriores.”

Con data 20 de abril de 2015, a Comisión Informativa de Fomento ditaminou favorablemente dita proposta.

DEBATE:

SR. REGADES FERNÁNDEZ: A auga para a Xunta de Galicia é un negocio, a auga para o Concello de Vigo non é un negocio, para o Concello de Vigo é un servizo. A auga de Vigo é a auga máis económica de Galicia fronte ao Concello de A Coruña que é un 6% máis cara ou fronte ao un concello de Pontevedra que é un 21% máis cara, por que a auga de Vigo segue custando nunha familia media de tres catro persoas, 44 euros ao bimestre? Por que? Como todos poden ver nas súas facturas que reciben nas súas casas podemos ver que dez destes euros os cobra a Xunta de Galicia, os cobra nun canón que viu incrementando nos últimos anos de forma desconsiderada, non só iso o Concello de Vigo conxelou a auga no 2012, 2013, 2014 e segue conxelada no 2015 mentres a Xunta de Galicia incrementou o seu canón o 8%, pero non só iso o 36% absolutamente o canón da auga para as familias e non se conformou con iso senón que aos nosos pequenos establecementos hostaleiros e comerciais da cidade de Vigo o incrementou un 106%. Dánlle as costas ao emprego, á xente que ten iniciativa e aos emprendedores, fronte a conxelación da auga do Concello de Vigo.

Nós, nun acto de rebeldía quixemos non cobrar este canón da auga, e vímonos obrigados pola Xunta de Galicia a ter que cobrar este canón da auga inxusto e dígolles ben, inxusto, porque no ano 2005 os vigueses/as transferíronlle 3.955.000 euros á Xunta de Galicia no concepto do canón da auga, no ano 2006 máis de catro millóns, no ano 2007 máis de catro millóns, no ano 2008 máis de catro millóns, no ano 2009 máis catro millóns, no ano 2010 máis catro millóns, no ano 2011 máis de catro millóns, 2013 estando no ano 2014 en 5.048.678 euros que tódalas viguesas e os vigueses lle transfiren á Xunta de Galicia en concepto do canón, que recibiu as

viguesas/es, que recibiu Sr. Fidalgo, a cidade de Vigo da Xunta de Galicia en infraestruturas hidráulicas, cero Sr. Fidalgo, cero dos señores do Partido Popular. A suma dos últimos anos supón 41 millóns, repítolle, 41.580.741 euros, que a Xunta de Galicia lle debe ás viguesas/es.

PRESIDENCIA: Se non gardan silencio e deixan as intervencións, terei que tomar medidas. Estou advertindo ao público, se non deixan continuar ao Pleno terei que tomar medidas, deixen continuar ao Pleno.

SR. REGADES FERNÁNDEZ: Un canón da auga inxusto en tódalas medidas, inxusto porque cobraron aos vigueses/as 41 millóns de euros, investiron na cidade Vigo cero euros, inxusto porque nesta cidade falan de consumos mínimos, de que non se poden facer e vemos como no canón da auga fan unha tarefa de consumos mínimos para as familias numerosas de oito metros cúbicos ou dous metros cúbicos fixos ao mes, vinte metros cúbicos ao mes, e vemos como é unha tarefa que o único que fai é prexudicar ás familias numerosas, primando como sempre os señores do Partido Popular a esas vivendas valeiras, a esas vivendas de especulación as cales lles cobran a tarefa de canón mínima por non ter consumo e por non ter nelas un tramo fixo de cota.

Creemos firmemente que a Xunta de Galicia ten que retroceder neste canón, non só retroceder, instamos a que este Pleno aprobe a instar a Xunta de Galicia a eliminación deste canón tan nocivo para as viguesas/es, e sobre todo, non podemos entender como dende este Concello se conxela a auga no ano 2013, 2014, 2012 e no 2015 e vemos un incremento de preto do 40% pola Xunta de Galicia con este canón inxusto.

SRA. VELOSO RÍOS: Vou intentar ser breve porque o certo é que neste Pleno xa aprobamos unha moción en setembro de 2012, no que pedíamos a retirada do canón da auga, o Bloque Nacionalista Galego de feito xa pediu a retira da lei no Parlamento de Galego, como Ben dicía a Sra. Cendón, no Parlamento Galego é onde hai que aprobar estas modificacións legislativas e no Parlamento Galego foi o Partido Popular en solitario, aplicando o rolo como moi ben explicaba tamén o Sr. Domínguez falando das modificacións legais con respecto aos servizos sociais,

aplicou o rolo para aprobar este canón da auga que efectivamente é un imposto sobre un ben de primeira necesidade como é a auga e que é un ben común de toda a poboación. En setembro de 2012, insisto, aprobamos unha moción cos votos do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego pedindo a retirada do canón da auga, e tamén aprobamos esta vez por unanimidade, unha modificación da tarefa do recibo da auga nesta cidade, entendendo como é un ben de primeira necesidade tamén era necesario modificar o recibo para que non se sega pagando a auga que non se consume.

Nós, por suposto, como estábamos xa daquela, seguimos estando estando de acordo con que se retire o canón da auga que non deixa de ser un imposto sobre un ben de primeira necesidade, que grava ás persoas que consumimos auga en servizos municipais como é neste caso, pero tamén naqueles servizos particulares construídos por veciñanza que eliminou bonificacións e exencións a pequenas poboacións de menos de 2.000 habitantes, que antes estaban exentas e agora teñen que pagar, que constituíu simplemente un recurso para recadar cartos, recadar cartos que por suposto como ben puidemos comprobar no anterior debate non se destinan a mellorar a vida das persoas, non se destinan a garantir a dignidade da vida das persoas deste país, senón que deben de ser cartos que se destinan a vídeos musicais e outro tipo de accións polas que están máis interesados o goberno da Xunta de Galicia.

Nós imos votar a favor porque é un ben de primeira necesidade, é un servizo público e ademais a privatización dun servizo como a auga, o abastecemento e saneamento da auga xa se demostrou, por exemplo neste Concello, que acaba prexudicando á cidadanía, nun momento no que se optou dende as administracións públicas pola xestión privada dun ben de primeira necesidade como a auga, decidiuse privatizar neste Concello e 25 anos despois podemos aprender algunha lección, podemos pensar que realmente ten que ser un recurso público, que ten que estar xestionado polas administracións públicas e non por unha empresa privada, e que ademais tampouco pode ser obxecto de impostos como é este canón da auga imposto pola maioría do Partido Popular no Parlamento galego, que ao final está gravando un recurso público e un ben de primeira necesidade para a cidadanía.

SR. BERNÁRDEZ DE DIOS: Señores do goberno como di o slogan de certa casa comercial, os vigueses non son “tontos”, a estas alturas do mandato cando queda menos dun mes para que o Sr. Abel Caballero deixe de rirse dos vigueses co recibo da auga, comprobamos que ao Partido Socialista encántalle perder o tempo nas sesións plenarias repetindo unha moción que xa lle debateu o 10 de setembro do ano 2012.

Se a súa proposta é esixir ao Goberno da Xunta de Galicia unha ilegalidade, unha irresponsabilidade, como deixar de cumprir unha directiva marco europea e aplicar unha lei que vostedes deliberadamente ocultaron nun caixón, dicímoslle rotundamente que van ter do Partido Popular un non por resposta. Nestes oito anos convertéronse en verdadeiros especialistas en ocultar papeis nos caixóns e precisamente o último dos papeis que non queren ensinar aos vigueses é o estudo elaborado pola Universidade de Vigo que esixiu o Partido Popular, que reflicte claramente que se é posible modificar o recibo da auga que cada dous meses nos cobra Aqualia a tódolos usuarios.

Por iso, falar hoxe do canon da auga, unha taxa que xa se cobraba antes da súa modificación, é para vostedes unha maneira de ocultar as súas vergoñas, que as coñecen tódolos cidadáns de Vigo, na casa de tódolos vigueses hai enriba da mesa un recibo como o que expoñemos hoxe aquí xa coñecido polo consumo da auga das súas vivenda, polo que pagan un exceso que permite e autoriza o seu Alcalde en funcións, o Sr. Abel Caballero. Todo isto é tan sinxelo como comprobar unha factura do día de hoxe e enfrontala a unha anterior de xullo do ano 2012, cando se modificou a taxa.

No caso da taxa do canón da auga que se aplica por lei, supón para dúas persoas que viven nunha mesma vivenda aproximadamente un 1,50 euros de diferenza no recibo, non os números que achega o Sr. Regades que non sei de onde os quita, e no caso do cobro por un mínimo de 30 metros cúbicos cada dous meses, esa mesma familia paga ademais 20 euros cada dous meses.

Este é un cobro caprichoso e que non se produciría se no ano 2011 non houbera ampliado o goberno actual a concesión a Aqualia cinco anos máis, prexudicando claramente aos vigueses.

Pero neste goberno xa ninguén se ruboriza por nada, estamos asistindo a unha época política onde a concesionaria do saneamento e abastecemento en lugar de

cumprir o prego de condicións adícase a comprar e colocar bancos, papeleiras, sinais, plantas, árbores. Asistimos a comprobar como unha concesionaria de transporte público de viaxeiros como VITRASA, que en lugar de cumprir as frecuencias e horarios dos autobuses nos barrios e parroquias de Vigo, véndenos as cores cos que pintan os novos autobuses, asistimos tamén a comprobar como unha concesionaria de xardíns que acaba de descubrir a oliveira, modelo bonsai, como novo símbolo da cidade que prolifera como setas ata enriba dos illotes de colectores subterráneos, como pasa en Velázquez Moreno. Así poderíamos seguir analizando o modelo de concesionarias que manexa o Sr. Abel Caballero ao seu servizo e que pagamos tódolos vigueses.

Pero volvendo co canón da auga, parece que este goberno non se decatou que o actual canón antes chamado canón de saneamento, que se aplica por lei, non partindo dun fixo senón polo que se consume, permitiu que eses cartos que pagamos os vigueses con esa taxa, a Xunta de Galicia poida destinalo ao investimento, construción da nova depuradora que se está a construír en Coruxo, 150 millóns de euros, a ver se decatan señores do goberno a onde van os cartos que reverte nos vigueses cando se cobra o canón da auga, obrigado por esa normativa europea.

Pero esta é a situación que nos atopámonos oito anos despois os vigueses teñen un recibo que pagan a través dun fixo que obriga o Sr. Abel Caballero á concesionaria en contra do que se esixiu en sesión plenaria.

SR. REGADES FERNÁNDEZ: A verdade, eu pensei que hoxe o Sr. Bernárdez que era o seu Pleno de despedida ía pensar que este Pleno era o sitio das ideas, non o sitio da confrontación, na súa despedida quixo encher este Pleno de mentiras e de absurdos, grazas polo tempo adicado pero non é certo.

Os datos calan bocas por moi grande que teña a súa factura a factura é esta, a factura que reciben tódolos veciños/as é esta, e dígolle máis, no ano 2011 as viguesas e os vigueses por transferencia deste Concello, transferíamos á Xunta de Galicia polo canón da auga 3.886.000 euros e dende que vostedes, señores do Partido Popular, que ven en ten todo un negocio e non ven en nada un servizo, incrementaron no ano 2013 o Concello de Vigo viuse obrigado a transferir 5.520.012,88 euros, e no ano 2014, 5.048.678,93 euros, cifras con decimais, cifras

da transferencia, a súa disposición Sr. Bernárdez e a disposición de tódalas viguesas, menos de catro millóns, máis de cinco millóns. Vostedes menten e o saben, menten porque están acostumados ao negocio coas concesionarias pero nós non imos consentir iso, por iso vostedes non lle esixían o 30% de beneficios a VITRASA e nós si, máis de cinco millóns que agora gozan tódalas viguesas e vigueses, vós non sei onde os gastaban porque cando chegamos a este Concello o canón da auga non tiñan nin un euro, estaba esgotado o plan de investimentos de Aqualia, onde o investiron? Os vigueses/as agora saben onde se inviste os cartos do plan de investimentos de Aqualia, cando vostedes estaban ninguén sabe onde estaba eses cartos do Plan de investimentos da Aqualia.

Pero se falamos do mantemento de limpeza, se falamos como enriquecían ás empresas enerxéticas, agora tendo 6.000 puntos de luz máis que antes, pagamos un 20% menos, porque os seus amigos os das eléctricas, os das portas xiratorias, pero vostedes de que van falando de concesionarias? Leccións as xustas, Sr. Bernárdez.

PRESIDENCIA: Traten de gardar silencio para ver se podemos continuar.

SR. REGADES FERNÁNDEZ: Señores do Partido Popular, a verdade é que perderon unha idea, perderon unha vez máis a idea de converter este Pleno no lugar das ideas, do encontro, de achegar e do sumar e sobre todo novamente non defenderon a cidade, 41 millóns que transferimos á Xunta de Galicia, que nós e, polo que entendo, o Bloque Nacionalista Galego imos esixir que se invista nesta cidade, vostedes como manda a xente de Santiago de Compostela, a de Madrid seguen sen defender esta cidade, pero está claro as viguesas/es estanllo dicindo tódolos días e vanllo dicir o 24 de maio, e lles vai sobrar unha fila desa bancada.

VOTACIÓN: Con catorce votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e doce votos

en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señores e señoras Alonso Alonso, Araújo Pereira, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Muñoz Posse, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 16.04.2015 (Rex. Nº 1086/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Regades Fernández, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

5.3(84).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA REPROBANDO Á XUNTA DE GALICIA ACTITUDE DISCRIMINATORIA EN POLÍTICA SUBVENCIÓN, ESIXINDO IDÉNTICAS ACHEGAS QUE OUTRAS CIDADES E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. EXPTE. 1088/1101

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 16 de abril de 2015, número 1088/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Rodríguez Escudero, formula a seguinte,

MOCIÓN

"Ao longo destes anos, a poboación de Vigo puido comprobar como a Xunta de Galicia excluíu diferentes ámbitos da cultura (orquestras, corais, etc) desta cidade das axudas e subvencións que a Xunta ten a obriga de achegar. Sen contar a redución drástica doutras subvencións que realizou nos últimos anos a outras entidades culturais desta cidade como museos, fundacións, bibliotecas, etc. Unha situación que puxeron en grave risco a sostibilidade e viabilidade de importantes realidades e proxectos culturais nesta cidade. Unicamente e grazas ao compromiso do actual Goberno Municipal coa Cultura, se podido garantir a súa persistencia ao longo destes anos.

Esta actuación discriminatoria con esta cidade, adquire maior relevancia cando se comproba as inxentes cantidades que a Xunta emprega noutros proxectos culturais doutras cidades.

Por todo o cal, en nome do grupo municipal do PSdeG- PSOE, e facéndonos eco das demandas formuladas polos profesionais de ambos os dous Servizos, propoñemos ó Pleno da Corporación os seguintes:

ACORDOS

1. Reprobar a actitude sectaria e discriminatoria da Xunta na súa política de subvencións aos diferentes entidades e organismos desta cidade.
2. Esixir da Xunta de Galicia realice polo menos idénticas achegas como as que actualmente dedica a entidades e organismos culturais doutras cidades e provincias.
3. Asunción por parte da Xunta con carácter inmediato da Biblioteca "Juan Compañel", asumindo integramente a totalidade dos gastos que xera o seu funcionamento, ao igual que se fai noutras cidades. "

Con data 20 de abril de 2015, a Comisión Informativa de Política Social, Cultura e Deportes ditaminou favorablemente dita proposta.

DEBATE:

SR. RODRÍGUEZ ESCUDERO: Ao longo destes anos a poboación de Vigo puido comprobar como a Xunta de Galicia excluíu a diferentes ámbitos da cultura, orquestra, corais, etc. desta cidade, das axudas e subvencións que a Xunta de Galicia ten a obriga de achegar, sen contar a redución drástica doutras subvencións que fixo nos últimos anos a outras entidades culturais desta cidade, como museos, fundacións e bibliotecas. Unha situación que puxo en grave risco a sostibilidade e viabilidade de importantes realidades e proxectos culturais desta cidade, unicamente e grazas ao compromiso do actual goberno municipal coa cultura puido garantirse a súa persistencia ao longo deste anos.

Vasta lembrar algúns exemplos en relación con esta moción, por exemplo a discriminación existente no financiamento das orquestras sinfónicas, para a Real Filharmónica de Galicia, a Xunta de Galicia achega o 34,79% do seu orzamento, máis de 3.280.000 euros. Para o Orquestra Sinfónica de Galicia radicada en A Coruña, a Xunta de Galicia achega o 31,46% do seu orzamento, máis de 2.140.000

euros e así sucesivamente, mentres que para as dúas orquestras sinfónicas e concretamente a Orquestra Sinfónica Vigo 430 achega cero euros, un proxecto que está crescendo nesta cidade e que realmente forma parte do mellor do que é o compromiso da música sinfónica desta cidade xunto coa Orquestra Clásica de Vigo. Por non dicir e seguir falando do museos como a discriminación no financiamento no Marco, por certo aquí neste Pleno acordouse solicitar á Deputación de Pontevedra a achega correspondente ao ano 2015, se comprometeron que si e o resultado é que no 2015 non se fixo esta achega por parte da Deputación.

Esta actuación discriminatoria coa cidade adquire maior relevancia cando se comproba como dixemos cos exemplos simplemente que comentamos, as cantidades inxentes, repito, que a Xunta emprega noutros proxectos culturais doutras cidades.

Por todo o cal e en nome do grupo do Partido Socialista facéndonos eco das demandas formuladas por tódalas entidades que teñen vixencia nesta cidade solicito ao Pleno deste Concello aprobe a seguinte proposta, primeiro reprobando a actitude sectaria no sentido estrito da palabra sectaria, como discriminación ou o uso partidista das fontes de financiamento, e discriminatoria da Xunta de Galicia na súa política de subvencións ás diferentes entidades e organismos desta cidade.

Segundo, esixir da Xunta de Galicia faga ao menos idénticas achegas que as actualmente adica a entidades e organismos culturais doutras cidades e provincias de Galicia.

Terceiro, asunción por parte da Xunta de Galicia con carácter inmediato da biblioteca Juan Compañel, asumindo integramente a totalidade dos gastos que xera o seu funcionamento ao igual que se fai noutras cidades e con outras bibliotecas nodais dentro das cinco caracterizadas como a mesma.

SR. ALONSO PÉREZ: Imos votar a favor desta moción porque si é certo que a Xunta de Galicia discrimina, recorta cartos para subvencións en museos, recorta das subvencións para as orquestras, en cultura en definitiva, pero non só en Cultura, recorta en sanidade, educación, en deporte porque a Xunta de Galicia teno claro, os orzamentos da Xunta de Galicia van premiar basicamente aquelas cidades que goberna, e onde non gobernan castiga. Pero o problema non é só da Xunta de Galicia, o problema é que ao Concello de Vigo tamén lle interesa, porque gaña

votos indo de vítima, entón todo o que sexa diálogo con outras administracións non interesa.

Antes escoitábamos como a compañeira, a Sra. Abelairas berraba o de “cero patatero”, con que satisfacción, porque ao Concello de Vigo e ao Alcalde prefiren non dialogar con ninguén, ir de vítima porque iso dálle votos aínda que aos cidadáns lles prexudique, a Xunta de Galicia discrimina e o Concello de Vigo aplaude, aos dous vailles ben, vaille mal ao pobo de Vigo, esa é a realidade, non hai acordos do Concello de Vigo porque tamén se rexeita o diálogo con tódalas administracións, prefírese ir de vítima, e é a realidade. Unha cousa gaña, porque me imaxino ao Sr. Feijóo e ao Sr. Caballero tendo que pelexarse polas inauguracións, miúdo desastre a pelexa que ían levar entre os dous porque lles gusta aos dous inaugurar, e conveniando terían que repartir as inauguracións, miúdo desastre.

Imos votar a moción porque en definitiva o que si é certo é que a Xunta de Galicia discrimina ao Concello de Vigo en materia de Cultura.

SR. RELOVA QUINTEIRO: Verdadeiramente non me esperaba eu esta moción de fin de curso, de carreira, é todo un máster á hipocrisía, á dobre moral, de verdade que si, síntoo Sr. Rodríguez Escudero. Vinme armado coas melloras armas que teño que son informacións obxectivas, pero aquí o meu compañeiro o Sr. Bernárdez traía un recibo e poñíase ata en dúbida, eu non acabo de entender nada, porque ademais fixo un revoltó, unha sopa de letras con varias cousas que deberían falar e debater por separado, pero imos falar por partes.

Consideramos que a percepción da cultura e dos propios colectores que dependen desta cidade, están en punto morto, percepción do observatorio da cultura, informe da cultura en 1914, eu logo regalóllo. Acábase de publicar neste informe semestral, con toda a obxectividade e as conclusións acerca da cultura en Vigo que son estremecedoras, o ano pasado, doce e trece, ocupábamos o lugar número 20, desaparecéramos do ranking 10, neste ano xa nin nos colocan, non estamos no listado de proxectos de calidade e innovación cultural, perdemos, estamos desaparecidos, as causas? Segundo o informe obxectivo, está en Madrid este observatorio da cultura, ningún proxecto novo emanou do Concello de Vigo, nin un só, si os que propuxo o grupo municipal do Partido Popular, Noites Blancas,

Centenario Martín Códax, esquecéronse de Martín Códax, e por non falar de Julio Verne, vaia, tradución pois literal da nula xestión de incultura, de verdade Sr. Rodríguez Escudero, non si como puido facer esta moción, non creo que sexa súa.

Dicimos outro punto deste informe, escaso nivel internacional das institucións, necesidade de profesionalizarse na xestión pública, non existen relacións entre a cultura coa educación nin ciencia nin a universidade, ampliación na oferta de novos sectores na sociedade, na balanza dos puntos débiles o debate se centra fundamentalmente nas relacións da cultura coas outras administracións públicas, nula, di, pouca difusión local, autonómica, nacional e internacional, falla de apoio, investimentos e promoción incluíndo tamén ao sector privado, e utilizan tres palabras que me doen, Sr. Rodríguez Escudero, provincialismo, conservadurismo e falla de risco da nosa cultura. Pero os puntos fortes son a creatividade, o dinamismo, a innovación e a imaxinación e entusiasmo dos mozos talentos e a ambición deles mesmos, dos creadores. Os artistas, a historia, a tradición e a diversidade cultural e lingüística, valores en alza “motu proprio”.

En canto á música, lembrarlle que vostede asiste con moita frecuencia aos concertos da Sociedade Filharmónica, nos que ten a Orquestras Sinfónica de Galicia e a Real Filharmónica de Galicia, ben, sabe que están patrocinados pola Xunta de Galicia, igual que a programación de teatro son 192.550 euros os que a Xunta de Galicia destina á programación teatral que se fai aquí neste Concello, aquí abaixo, ben, seguimos, en canto á música insístolle lembrar que nesta cidade hai tres orquestras, Orquestras Clásica de Vigo, Vigo 430, Camerata Toledo e a Orquestra da Coral Casablanca, que se esquecera dela, a parte das innumerables bandas que rodean a nosa cidade, pero o dato, non o esquezan, todas estas agrupacións se alimentan do alumnado dos Conservatorios da nosa cidade, do talento do alumnado da nosa cidade, dos conservatorios, que son titularidade da Xunta de Galicia, co cal o Goberno Galego asume unha educación e cultura de base, dende os cimentos, o alumnado entra nos conservatorios con oito anos e acaba as súas carreiras de grado superior entre os 21 e 24 anos, isto non é apoiar á Cultura na nosa cidade? A de verdade, a que realmente se forma cos nosos cidadáns? Lémbrolles que as dúas orquestras de Galicia, e isto é unha mensaxe para o Sr. Caballero, as dúas orquestras foron creadas polo Sr. Vázquez, socialista en A Coruña, e polo Sr. Estévez socialista en Santiago de Compostela, as dúas foron

creadas en ambos concellos, e deberían tomar nota, se tanto lles interesa tomen nota e empecen para crear as bases da súa futura orquestra. Teñen sendas escolas de practica orquestral, que ademais se nutren do alumnado dos conservatorios galegos, segue sendo Vigo a cidade dos músicos que máis acollen nestas escolas, pero esta é a foto da cultura en Vigo, a historia, o patrimonio, a arqueoloxía, a cultura e a ilusión derrúbanse.

SR. RODRÍGUEZ ESCUDERO: Sr. Relova, vostede simplemente leu parcialmente un informe que é un diagnóstico dunha situación pero non son as causas desa situación, as causas están precisamente nos problemas que lle comentei moi sucitamente da falla de financiamento derivada da discriminación que a Xunta de Galicia, o Goberno do Estado e a Deputación de Pontevedra fan con esta cidade. Esas son as causas porque gracias precisamente ao Concello de Vigo púidose manter a rede museística intacta, púidose manter toda a actividade cultural previa que existía, incluso aumentándoa, gracias ao Concello de Vigo, Sr. Relova, púidose incluso as veces, algo que realmente non ten valor porque creo que vostede non lle vai poder dar valor, porque quizá non o comprenda, pero un referente fundamental para o que é a cultura presente e sobre todo futura desta cidade como é o Auditorio Mar de Vigo, o Palacio de Congressos, púidose viabilizar, soste a pesares da pésima planificación que se fixo da súa orixe, gracias precisamente a actitude deste goberno municipal púidose primeiro, construír o Auditorio, segundo, manter e sostelo e xerar un espacio que o tempo dirao moi pronto como elemento referencial da cultura de Vigo, iso é un elemento fundamental desa cultura, non o quere ver vostede pero iso vai ser o núcleo fundamental, parécelle pouca toda a actividade que fixemos? Parécelle pouco reordenar os recursos, creando a rede, esa que nega a candidata do Partido Popular que exista, existe unha rede cultural, existe unha entrada gratuíta aos museos a pesares de que a súa candidata, a do Partido Popular a descoñeza. Segundo, non utilizamos dunha forma sectaria, incluso a candidata do propio Partido Popular está intentando instrumentalizar os recursos públicos do Concello de Vigo como é certas fundacións para facer a súa campaña electoral, algo denigrante, algo que bordea totalmente a ilegalidade, e polo menos a ética.

Sr. Relova, vostede leu algo que pon en cuestión o que é o produto pero non entrou

nos síntomas, e os síntomas son os signos e as causas son derivados fundamentalmente diso, da falla de posibilidades económicas derivadas de falla de financiamento que a Xunta de Galicia, a Deputación de Pontevedra e o Goberno Estatal mantiveron con este concello e sobre todo co compromiso cultural do mesmo ao longo destes anos, sen o cal é imposible, non só de poder manter a estrutura senón incluso poder crecer.

VOTACIÓN: Con catorce votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e doce votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señores e señoras Alonso Alonso, Araújo Pereira, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Muñoz Posse, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 16.04.2015 (Rex. Nº 1088/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Rodríguez Escudero, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

6.- ASUNTOS OU MOCIÓNS URGENTES.

Non houbo.

PARTE DE CONTROL

1.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS ACORDOS OU RESOLUCIÓNS DOUTROS ÓRGANOS MUNICIPAIS OU DE INFORMES OU ESCRITOS QUE ASÍ O

REQUIRAN.

1.1(85).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas pola Alcaldía-Presidencia, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 24 de marzo e 23 de abril de 2015.

1.2(86).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELEIROS/AS DELEGADOS/AS.

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas polas concellerías delegadas, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 24 de marzo e 23 de abril de 2015.

2.- COÑECEMENTO DOS INFORMES CITADOS NO ART. 38.2.M.4º DO REGULAMENTO DO PLENO.

3.- COMPARENCIAS DE MEMBROS DA CORPORACIÓN.

Non houbo.

4.- MOCIÓNS.

4.1(87).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG INSTANDO AO ALCALDE PARA QUE SE INCLÚA A CLÁUSULA DE SUBROGACIÓN DO PERSOAL DENTRO DO PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS DO CONTRATO DO SERVIZO DE XESTIÓN DAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS MANTENDO OS POSTOS DE TRABALLO. EXPTE. 1084/1101

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 15 de abril de 2015, número 1084/1101, a voceira do grupo municipal do BNG, Sra. Veloso Rios, formula a seguinte,

MOCIÓN

As traballadoras das escolas infantís municipais, perante a finalización do contrato dalgunhas das escolas e a conseguinte licitación das mesmas, manifestaron a súa preocupación pola inminente perda dos seus postos de traballo xa que desde a concellería de educación trasladóuselles que non é posíbel recoller a subrogación dos traballadores na futura licitación.

As actuais traballadoras das escolas municipais xa foron subrogadas en dúas ocasións polas empresas concesionarias, xa que os anteriores pregos recollían expresamente a obriga de subrogación a pesares de que a situación legal é a mesma que na actualidade, e a pesares de que os propios servizos xurídicos do Concello recoñecían a imposibilidade de recoller a subrogación expresamente ante a existencia, xa neses momentos, de sentenzas contra este feito. Xa no ano 1996 tómase un acordo no pleno municipal no que se aproba que "na elaboración dos pregos de cláusulas administrativas particulares de prestación de servizos públicos municipais en réxime de xestión indirecta, figurará necesariamente, previsión expresa, impondo ao novo adxudicatario a subrogación nos dereitos e obrigas do anterior adxudicatario fronte ao persoal da contrata".

Con data 8 de abril de 2010, un informe da asesoría xurídica do Concello de Vigo accede a incluír a cláusula en base ás especiais características dos usuarios de dito servizo: "o contrato recolle subrogación do persoal da contrata existente polo novo contratista motivado única e exclusivamente por razóns de interese xeral baseadas na conveniencia de posibilitar a estabilidade laboral das traballadoras/os dada a sensibilidade que o coñecemento persoal previo e a experiencia específica ten na custodia, coidado e educación con idades tan temperás (cativos entre 6 meses e tres anos), nas que a confianza e coñecemento das coidadoras e educadoras e outro persoal en contacto directo cos nenos é un factor relevante tal e como consta no informe do Servizo xestor de data 23/03/2010".

A partir desa data e en diversos concursos de escolas infantís de distintas administracións públicas seguiuuse, e se segue, incluíndo nos pregos a obrigatoriedade de subrogación do persoal, que o Concello de Vigo se nega a

recoñecer baseándose en diversas sentenzas que parece que só afectan ao Concello de Vigo e non a outras administracións (exemplos: escolas infantís de Coristanco e O Pino dependentes do Consorcio Galego de Servizos Sociais de xuño de 2014, Concello de Boqueixón de abril de 2013, Concello de Becerreá de maio de 2014) administracións indistintamente gobernadas polo PP ou polo PSOE, por poñer só os exemplos máis recentes e próximos a Galiza.

Manifesta o Concello que se trata dunha ilegalidade o recoller a devandita cláusula de subrogación nos pregos apoiándose en ditames, sentenzas, recomendacións e xurisprudencia, moita dela xa existente no momento de incluír a subrogación nos pregos do ano 2005 (EIM Atalaia e EIM Santa Cristina) do ano 2009 (EIM Atalaia, EIM Santa Cristina e EIM Costeira) e do ano 2010 (EIM Santa Marta) e que saíron adiante incluíndo nos mesmos a subrogación das traballadoras pola vontade política dos gobernantes nese momento, vontade política que se bota en falta neste momento no equipo de goberno do Concello de Vigo, xa que a inclusión da dita subrogación nos actuais pregos depende só da vontade política de manter os actuais postos de traballo, carecendo de validez xurídica ou sendo ilegal só no caso de que unha vez incluída no prego houberse algún recurso solicitando a súa anulación por dita causa, situación que non ocorreu en licitacións anteriores nin nas actuais que fan outras administracións que inclúen dita cláusula de subrogación por vontade dos seus gobernantes.

Ademais, no caso de que o prego fose recorrido por dita causa e se anulase, o único inconveniente sería ter que volver refacelo suprimindo a cláusula de subrogación e adiándose un tempo a licitación, que dunha ou outra maneira se adiaría xa que, de non incluírse dita cláusula, serían as propias traballadoras actuais as que recorrerían o prego esixindo a inclusión da mesma.

Polo exposto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO:

- Instar ao Alcalde de Vigo a que dite as instrucións necesarias ao órgano competente para que se inclúa a cláusula de subrogación dentro do Prego de prescricións técnicas para a contratación do servizo de xestión das Escolas Infantís Municipais e manter así ditos postos de traballo.

Con data 20 de abril de 2015, a Comisión Informativa de Emprego e Participación Cidadá ditaminou favorablemente dita proposta.

DEBATE:

SRA. VELOSO RÍOS:As traballadoras das Escolas Infantís Municipais perante a

finalización do contrato dalgunhas das escolas e que por tanto van volver saír a licitación, manifestaron a súa preocupación pola posible perda dos postos de traballo xa que se lles comunicou dende a concelleira de Educación que non é posible recoller a subrogación dos traballadores na futura licitación, que non é posible incluír no Prego a cláusula de subrogación do persoal que como ben vemos, é unha reclamación constante nas distintas contratacións deste concello porque é unha ferramenta fundamental para garantir a estabilidade dos postos de traballo e das persoas que traballan nas distintas contratas e concesións municipais, e manter ademais a calidade de moitos dos servizos, e neste caso estamos a falar dun servizo especialmente sensible como son as Escolas Infantís Municipais.

Si é certo que hai xa un acordo do Pleno municipal de 1996 no que se aproba que na elaboración dos Pregos de cláusulas administrativas de prestacións de servizos figure expresamente a subrogación do persoal, pero tamén é certo que posteriormente houbo unha modificación legal, pero na mesma situación legal que na actualidade a subrogación do persoal das Escolas Infantís Municipais, xa se produciu en anteriores pregos de condicións, de feito, hai un informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo, do 8 de abril do 2010, no que di literalmente que o contrato recolle a subrogación do persoal da contrata existente polo novo contratista, motivado única e exclusivamente por razóns de interese xeral baseadas na conveniencia de posibilitar a estabilidade laboral das traballadoras e dos traballadores dada a sensibilidade que o coñecemento persoal previo e a experiencia específica ten na custodia, coidado e educación con idades tan temperás, falamos de cativos/as de entre seis meses e tres anos, nas que a confianza e coñecemento das coidadoras e educadoras e outro persoal en contacto directo cos nenos, é un factor relevante tal e como consta no informe do servizo xestor, de data do 23 marzo do 2010. Nós entendemos que evidentemente estas consideracións seguen sendo válidas a día de hoxe e polo tanto deberían ser suficientes para garantir a continuidade de persoal que leva xa moitos anos traballando nas Escolas Infantís porque xa foi subrogada nos anteriores pregos e contratos e que polo tanto, garantiría por unha banda a estabilidade laboral, por suposto, pero tamén a calidade do servizo manténdose nos seus postos de traballo. O certo é que nos últimos anos si se produciu tamén a subrogación do persoal noutras escolas infantís doutras administracións locais, e podemos falar de

distintos casos, podemos falar das escolas infantís de Coristanco e o Pino, que dependen do Consorcio Galego de Servizos Sociais, en xuño de 2014, do Concello de Boqueixón, en abril do 2013, en Becerreá, en maio de 2014, é dicir, hai menos dun ano, que son exemplos claros de como se pode incluír este prego de subrogación do persoal de maneira absolutamente legal. Cal pode ser a posibilidade que haxa recursos ao prego de condicións, como desgraciadamente estamos vendo que está acontecendo noutros pregos de condicións, nós entendemos que neste caso o recursos se producirían tanto nun caso como noutro, porque hai vontade e interese por manter ao mesmo persoal para garantir a estabilidade dos postos de traballo e para garantir un servizo público que neste caso é especialmente sensible, insisto, e que merece un esforzo por parte deste goberno para manter os postos de traballo de maneira especialmente intensa pola preocupación, non só dos traballadores/as das escolas infantís, pero tamén dos pais e nais, que así nos fixeron chegar a súa preocupación porque é certo que a satisfacción de pais e nais co servizo que se presta nas escolas públicas, infantís municipais é moi alto, hai un nivel de satisfacción moi alto e están moi preocupados pola situación que se pode producir no caso de que se quite a concurso, se asine un novo contrato, non se subroga o persoal e se producise un cambio do persoal que coida dos seus fillos/as, dos seus cativos/as no medio do curso escolar que sería o que acontecería.

Por iso nós, instamos ao Alcalde de Vigo, que é a quen lle corresponde, a que dite as instrucións necesarias ao órgano competente da contratación para se inclúa esta cláusula de subrogación do persoal no Prego de condicións das Escolas Infantís Municipais.

SR. RELOVA QUINTEIRO: Evidentemente, nós estamos totalmente de acordo, eu non cambiaría nin unha soa coma da súa exposición Sra. Veloso porque a verdade nós tamén estábamos moi interesados neste tema desta moción, falamos en dúas ocasións e nunha delas estaba a Sra. Muñoz, ela comprometeuse dende logo que cando chegue á Alcaldía ía tomar cartas no asunto, e dende o grupo municipal do Partido Popular tamén tivemos a nosa primeira entrevista coas persoas, traballadoras, etc. Primeiro leveime unha alegría enorme comprobar a alta dedicación, o cariño con que as traballadoras fan o seu traballo, como as familias,

pais, irmáns, recoñecen ese traballo, como queren a esas persoas que se preocupan tantas horas do día destes nenos/as. Co cal a min coñecer ás traballadoras das escolas emocionoume moito, porque son mulleres, son traballadoras, son modelos de persoas dunha sociedade moderna nas que ademais son exemplares dentro da educación, do trato 24 horas ao día, todo o día se fai falla, e incluso atender a nais, pais con problemas. Co cal evidentemente nós non temos nada que cambiar, apoiamos totalmente a moción do Bloque Nacionalista Galego, e por suposto ás traballadoras con todo o noso cariño e admiración.

SRA. ALONSO SUÁREZ: Sra. Veloso, vostede na súa moción fala de vontade política, é tanta a vontade política deste goberno que os respectivos concelleiros de educación levan reuníndose co sindicato maioritario e coas traballadoras dende hai máis dun ano, é tanta a vontade política deste goberno que esta concelleira convocou unha reunión con tódalas traballadoras e os sindicatos representados no sector, onde se nos trasladaron as súas reivindicacións e nesa reunión explicóuselles a situación legal e real cun informe dos servizos xurídicos do Concello, clarexando tamén outras informacións que terxiversaban resolución legais ou proporcionaban interpretacións non de todo correctas. Incluso como se lles explicou a elas, no prego dunha das novas escolas que se está a tramitar tratouse de incluír que a empresa adxudicataria tiña que estar acollida ao convenio estatal de centros de asistencia e educación infantil que se está a negociar, e fíxose simplemente por tratar de evitar que se presentasen empresas con convenios propios máis precarios, ou empresas que se adiquen a servizos xerais con condicións precarias para as traballadoras, o que diminuiría a calidade do servizo. Ademais o noso compromiso non é só coas traballadoras e tamén cos proxenitores deses usuarios/as das garderías por dar un servizo de calidade, e esa calidade tamén se conseguirá cando as traballadoras do servizo teñan unhas condicións de traballo dignas e unha estabilidade no desempeño da súa labor. Pero lémbrolle, a subrogación deriva dunha norma convencional entre os representantes dos traballadores e da patronal, ten que recollerse o convenio, pero é vontade política deste goberno defender todo iso e se hai que conseguilo así dese xeito, apoiaremos aos sindicatos e se hai que ir a Madrid coas traballadoras e sindicatos para que esa cláusula de subrogación se inclúa nun convenio estatal, estaremos aí

para acompañalas, e se hai que falar coa patronal provincial para que se faga un convenio no ámbito provincial que leve esa cláusula de subrogación, farémolo, claro que si.

Teñen o noso compromiso de incluír no prego, a relación de traballadoras e as condicións dos seus contratos, pero dígolle máis, estaremos con estas traballadoras, pero tamén estaremos con todos aqueles traballadores que poidan perder os seus postos de traballo como se fixo ata o de agora. Este concello co seu Alcalde á cabeza e o mellor garante dos postos de traballo nesta cidade, e loitaremos porque as administracións públicas municipais e sobre todo concellos como este, que demostran que saben ser bos xestores dos cartos públicos, contas saneadas, facturas pagadas, débeda cero, poidan aumentar as contratacións públicas porque fan falla, Sra. Veloso, porque sobre todo o que fai falla e dar resposta tamén a eses miles de vigueses/as, máis de 32.000 que están o paro, darlle resposta tamén aos que aínda non atoparon emprego por primeira vez, ou a eses que levan tanto anos parados, ou aquelas familias que teñen tódolos seus membros no paro ou non teñen ningún tipo de ingreso. Como tamén di vostedes na súa proposta, estamos a falar dun traballo con especiais características dada idade dos seus usuarios, de cero a tres anos, porque esas traballadoras comparten con nós a tarefa de coidar das nosas fillas/os, claro que iso é especial e por iso este Concello ten que esixir no prego de condicións que as empresas que a elas cedan cumpran do mellor xeito o seu traballo, estaremos vixiantes para que iso sexa así. Polo tanto, como a este goberno o que lle preocupa é salvagardar os postos de traballo, presentamos á súa moción unha emenda de engade que di “o Pleno como criterio reitor da política de contratación pública municipal, manifesta a súa vontade política de prever a subrogación de persoal nos pregos de cláusulas administrativas, estudando as especiais características de cada un dos contratos que se liciten dentro do máis estrito respecto á legalidade, nesta liña estaría o prego de cláusulas administrativas para a contratación do servizo de xestión das Escolas Infantís Municipais”.

SRA. VELOSO RÍOS: O goberno proponnos esta emenda de engádeda e nós por suposto aceptamos esta emenda de engádeda porque recolle basicamente o que recolle a exposición de motivos da nosa moción. Nós estamos a solicitar deste

Goberno a vontade política de subrogar ó persoal das Escolas Infantís Municipais, e é o que se recolle no punto que se propón o Goberno e polo tanto a aceptamos. Ademais nos entendemos que esta proposta o que fai é reforzar o punto da moción que nós propoñemos que é expresar a vontade política, un compromiso claro de subrogar o persoal da Escolas Infantís Municipais e ao mesmo tempo asumir que se materialice que é o que nos pretendemos, trasladando a demanda das traballadoras que ademais, insisto, non só están reclamando os seus dereitos laborais de maneira absolutamente lexítima, senón que están reclamando medidas por parte deste Goberno que garanta continuar cun servizo público de alta calidade como o que se está prestando agora mesmo. Por suposto o Bloque Nacionalista Galego apoia tódalas reclamacións relativas aos dereitos laborais das traballadoras das Escolas Infantís Municipais como doutras contratadas municipais e por suposto o BNG tanto no Concello de Vigo como no Parlamento Galego, como no Congreso dos Deputados, apoia as reclamacións e opoñémonos lóxicamente a tódolos recortes en dereitos laborais que se están producindo neste país, polas medidas adoptadas polo Partido Popular tanto no goberno de España como no goberno da Xunta de Galicia.

Por suposto seguiremos acompañando como o estamos facendo sempre a tódolos traballadores/as nas reclamacións para garantir os seus dereitos laborais, aquí estamos falando dun caso concreto que é especialmente preocupante porque, insistimos, é un servizo especialmente sensible no que hai traballadoras e que sabemos que están mantendo conversas coa Concelleira de Educación, sabemos que falamos tamén co grupo municipal do Partido Popular, falamos tamén co grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, e estamos a falar deste caso concreto que queremos defender e que queremos garantir neste último Pleno do mandato, que vaian ter unha continuidade nos seus postos de traballo. Esperamos ademais que melloren as súas condicións laborais porque o traballo que fan merece un recoñecemento social e salarial superior ao que reciben actualmente e o Bloque Nacionalista Galego vai seguir traballando tamén para mellorar as condicións laborais destas traballadoras das maneiras que fagan falla, como hoxe desta maneira, instando ao Alcalde a que dite as instrucións necesarias para garantir a subrogación deste persoal. Realmente estamos satisfeitos de que hoxe se asuma ese compromiso e de que se asuma a materialización dese compromiso para

garantir este servizo público.

PRESIDENCIA: Quero dicir que seguramente este tema terase que resolver no seguinte mandato, dentro de máis dun mes, e eu lles quero dicir ás traballadoras/es das Escolas Infantís de Vigo, non ao sindicato que está aquí presente, as traballadoras/es, quérolles dicir que imos resolver esta cuestión e llo digo sabendo que eu vou seguir aquí de Alcalde con toda a probabilidade. Polo tanto, como tiven ocasión de dicirlle a algunhas persoas que traballa nestas escolas e que nos coñecemos de ver os seu excepcional traballo, sei da súa calidade e capacidade, sei do bo funcionamento das escolas infantís do Concello de Vigo, que isto vaise resolver e continuarán nos seus postos de traballo, porque para iso estamos aquí, ademais voules dicir máis para que o saiban, estes once que estamos aquí, e máis imos seguir, outros que faloron seguramente non, imos garantírllo nós.

No transcurso do debate, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Alonso Suárez, presenta a seguinte emenda de engádeda:

1. O Pleno como criterio reitor da política de contratación pública municipal, manifesta a súa vontade política de prever a subrogación de persoal nos pregos de cláusulas administrativas estudando as especiais características de cada un dos contratos que se liciten dentro do máis estrito respecto á legalidade. Nesta liña estaría o prego de cláusulas administrativas para a contratación do servizo de xestión das Escolas Infantís Municipais.
2. Instar ao Alcalde de Vigo a que dite as instrucións necesarias ao órgano competente para que se inclúa a cláusula de subrogación dentro do Prego de prescricións técnicas para a contratación do servizo de xestión das Escolas Infantís Municipais e manter así ditos postos de traballo, sempre dentro do estrito cumprimento da lei.

Ao seren aceptada a anterior emenda de engádeda pola relatora da moción, Sra. Veloso Rios, a Presidencia sométea a votación.

VOTACIÓN DA EMENDA: Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da

Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, acordase incluír a emenda,

VOTACIÓN DA MOCIÓN: Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 15.04.2015 (Rex. Nº 1084/1101), pola voceira do grupo municipal do BNG, Sra. Veloso Rios, coa emenda de engádeda presentada pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Alonso Suárez, quedando o seguinte texto:

1.- O Pleno como criterio reitor da política de contratación pública municipal, manifesta a súa vontade política de prever a subrogación de persoal nos pregos de cláusulas administrativas estudando as especiais características de cada un dos contratos que se liciten dentro do máis estrito respecto á legalidade. Nesta liña estaría o prego de cláusulas administrativas para a contratación do servizo de xestión das Escolas Infantís Municipais.

2.- Instar ao Alcalde de Vigo a que dite as instrucións necesarias ao órgano competente para que se inclúa a cláusula de subrogación dentro do Prego de prescricións técnicas para a contratación do servizo de xestión das Escolas Infantís Municipais e manter así ditos postos de traballo, sempre dentro do estrito cumprimento da lei.

PRESIDENTE: Antes de pasar ao punto seguinte quérolles volver repetir que teñan a tranquilidade de que isto vaise arranxar.

4.2(88).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL A PRESENTAR UN PLAN DE TRANSPORTE QUE DEA COBERTURA A TÓDALAS PARROQUIAS E BARRIOS PARA A SÚA CONEXIÓN CO NOVO HOSPITAL DE VIGO. EXPTE. 1029/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 14 de xaneiro de 2015, número 1029/1101, o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Figueroa Vila, formula a seguinte,

MOCIÓN

A Xunta de Galicia está a rematar o Novo Hospital Público de Vigo, a maior infraestrutura sanitaria que se está a construír nestes momentos en Europa.

Case rematadas as obras e xa en marcha o abastecemento de auga e de enerxía eléctrica así como a remodelación dos accesos ao mesmo, e tendo en conta a previsión de que no vindeiro verán comezará a funcionar co traslado no primeiro lugar das consultas externas, resulta necesario que o Concello, responsable do transporte urbano de Vigo, teña previsto un plan para que o novo hospital de Vigo sexa accesible dende todas as parroquias e barrios da cidade.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal Popular no Concello de Vigo somete a consideración do Pleno a aprobación do seguinte ACORDO:

Presentar un plan de transporte, consensuado coas asociacións de veciños e axentes sociais da cidade, que dea cobertura a todas as parroquias e barrios para a súa conexión co novo hospital de Vigo.

Con data 2 de febreiro de 2015, a Comisión Informativa de Xestión Municipal ditaminou favorablemente dita proposta.

DEBATE:

SR. ARAÚJO PEREIRA: Sr. Alcalde, como vostede sabe o transporte urbano, periurbano e metropolitano é un servizo básico, esencial, universal e igualitario. É un servizo básico e esencial por ser un elemento vertebrador a nivel social e económico, permitindo as mellores relacións dos cidadáns e empresas co seu entorno. Ao igual que no mundo empresarial é esencial explotar as potencialidades

económicas e as relacións sociais do entorno, o mesmo pasa a nivel social e como non a nivel urbano. As capacidades de crecemento e desenvolvemento das cidades están condicionadas polos liderados e aptitudes dos seus gobernantes e empresas, para potenciar as interrelacións aperturistas co seu entorno territorial aproveitando as oportunidades que isto xera para a súa expansión global.

Neste sentido o transporte colectivo urbano, interurbano e metropolitano público xoga un papel fundamental na dinamización destas relacións. Como dicía o transporte público colectivo en tódalas súas modalidades ha de ser universal e igualitario, non entendéndose certas decisións de gobernos municipais que limitan e condicionan esta dúas premisas fundamentais, a desenvolver as necesidades de mobilidade á cidadanía pero prestando especial atención aos sectores sociais menos favorecidos, estudantes, mozos, persoas maiores, cidadáns con discapacidades, ou con escasos recursos económicos, que demandan este servizo como xerador fundamental de oportunidades. A importancia que o transporte colectivo e a súa potencialización se dea dende as autoridades municipais, marca o modelo de cidade e o modelo social que se pretende, vindo a escasa aposta que se fai na nosa cidade pola mobilidade que queda reflectida no número de persoas que traballan e no orzamento municipal asignado á potenciación da mesma, lévanos a concluír que o Alcalde de Vigo segue apostando por modelo de cidade pechada en si mesma e que non ofrece oportunidades aos cidadáns que o entorno xera. Como o Sr. Abel Caballero afirmou no seu momento “Vigo, cidade estado”, indubidablemente modelo arcaico da idade media e que non ten sentido nun mundo global no que vivimos e que nada ten que ver co modelo de cidade intelixente, Smart Cities, interconectada, que os cidadáns de Vigo e o grupo municipal do Partido Popular defenden, o transporte urbano, interurbano e metropolitano esixe unha actuación coordinada, así como un comportamento responsable de tódalas administracións, dado que é un servizo que marca o nivel e a calidade de vida da cidadanía.

A mobilidade e o modelo de transporte que se elixa vai determinar a mellora dos parámetros medioambientais, ruído, contaminación atmosférica, etc. e seguridade vial de densidade de tráfico, psicolóxicos, xerando estres, neste sentido debemos apostar por unha cidade saudable e o transporte colectivo é un elemento esencial neste modelo de cidade.

De tódolos investimentos en infraestruturas que se acometeron e planificaron a nosa cidade polas administracións rexionais e nacionais, estación de AVE, depuradora, ampliación da terminal e pasarela de Peinador, próxima ampliación de Rande, licitación da estación intermodal, destaca polo nivel de investimentos sendo a maior infraestructura sanitaria realizada en España e a necesidade nun servizo esencial como é o sanitario o Novo hospital público de Vigo, Hospital Álvaro Cunqueiro.

Os cidadáns de Vigo levan anos demandando unha mellora na conectividade dos seus barrios e parroquias cos centros hospitalarios que foi certamente defectuosa, para non caer na improvisación e nun traballo feito a presa e correndo e que cubra as necesidades reais dos vigueses, dende o grupo municipal do Partido Popular instamos ao goberno municipal a presentar un Plan de Transporte Público coordinado, que dea cobertura e cubra as necesidades deste servizo a tódolos veciños de Vigo, tanto vivan no centro como nas súas parroquias ou barrios.

SR. ALONSO DOMÍNGUEZ: A moción na exposición de motivos comeza dicindo que a Xunta de Galicia está a rematar o novo hospital público de Vigo, por moito que o repitan non é certo, o hospital non é público o propietario do edificio do hospital é unha concesionaria, unha UTE de Acciona e Puentes e Calzadas, o que está facendo o SERGAS é pagar un aluguer, por moito que o repitan esa é a realidade, o Sr. Feijóo o que está é ensaiando coa privatización da sanidade en Vigo e en Galicia, e non se pode utilizar a apertura dun hospital privatizado para facerse fotos electorais, non se pode facer iso.

Estes días acaban de denunciar os sindicatos que ata o traslado ao novo hospital o privatizan, contratan a empresas privadas para facer o traslado, é vergoñento coa capacidade e a profesionalidade que teñen os funcionarios. É certo que o Concello de Vigo debera dar solución ás parroquias que precisan comunicarse co hospital, pero non é só o problema do Concello de Vigo, porque a área sanitaria acolle outros concellos da área metropolitana que non son de Vigo, entón o que debera facer a Xunta de Galicia e o Concello de Vigo é coordinarse e planificar un transporte que resolva o problema de achega dos usuarios e traballadores ao novo hospital, de maneira dialogada e con tódolos xeitos de transporte, ferrocarril, autobús, o barco porque tamén hai concellos da outra parte da ría que van ter que vir ao novo

hospital e non se fai nada disto. Non se planifica, non se coordina, o Concello de Vigo non se fala coa Xunta de Galicia, a Xunta de Galicia non fai nada, e o Partido Popular ven aquí a traer mocións para castigar ao Concello de Vigo porque non coordina, iso é certo, que tiña que ter feitos eses deberes, pero o que ten que facer a Xunta de Galicia é facelos na área metropolitana. Por iso o Bloque Nacionalista Galego presenta dúas emendas que din o seguinte, “solicitar á Xunta de Galicia que garanta unha rede de comunicación coordinada de transporte público metropolitano e urbano de tódolos concellos da área sanitaria co novo hospital” e terceiro “que se garanta o aparcadoiro gratuíto para os usuarios/as e traballadores/as do devandito hospital”.

SR. REGADES FERNÁNDEZ: Transporte ao novo hospital, ao novo hospital privado de Vigo, que nos atopamos con que o venres pasado de forma enganosa a Xunta de Galicia nos dicía que ía recepcionar unhas obras, a Xunta de Galicia non puido recepcionar ningunha obra, porque o único que a pode recepcionar é o propietario e é unha UTE de empresas privadas. Un engano máis dos tantos, pero non só iso, pónennos un novo xerente do CHUVI, o Sr. Rubeal, un dos responsables de que este hospital privado de Vigo non teña laboratorio central e nós volvemos a aproveitar esta moción para reclamar e reivindicar á Xunta de Galicia que queremos un hospital público. Pero este señor tamén é o responsable de que o Complexo Hospitalario de A Coruña quédese coa súa referencia de 1.100.000 habitantes, de que o Complexo Hospitalario de Santiago de Compostela pase de 455.000 a 755.000 habitantes e que o Completo Hospitalario de Vigo pasara de 1.200.000 a 894.000 habitantes co que todo isto supón. Este recorte afecta á cirurxía cardíaca, afecta aos servizos que as viguesas e os vigueses e o seu entorno van recibir.

Pero eu creo que hoxe imos centrar esta moción no transporte a este hospital privado, e eu a verdade Sr. Araújo, na súa moción do seu último Pleno teño que dicir unha cousa, eu agradézolle que as mocións que trouxo a este Pleno foron sempre construtivas, é unha pena que neste caso non sexa así. Foron construtivas e fomos capaces co consenso na Comisión de Transporte, tanto con vostede como co Sr. Domínguez, que pretendían quitar unha ordenanza municipal do taxi en colaboración con tódalas forzas políticas e que fomos capaces de ver os intereses da cidade polos intereses das viguesas/es por enriba dos partidos políticos e teño

que darlle as gracias, neste caso ao Partido Popular, a vostede na súa persoa, e ao Sr. Domínguez e ao Bloque Nacionalista Galego, porque agora imos facer o mesmo, aínda que a Xunta de Galicia non nos chamou, como vostede sabe a Xunta de Galicia no seu proxecto construtivo tiña que ter posto un proxecto de transporte, e como vostede ben sabe tamén non o incluíu, a verdade que teña un proxecto construtivo e que non teña un proxecto de transporte, un plan de transporte, a nós chámamos a atención e a tódolos técnicos municipais tamén. Por iso nós, nestes momentos estamos facendo unha análise profunda, unha análise que ven distribuído da seguinte forma, estamos facendo un traballo de campo, descubriendo os datos de orixe e destino, para iso estamos a falar cos traballadores do hospital, traballadores do hospital que o presidente dos traballadores do Hospital, o Sr. Manuel González Moreira, pediunos unha reunión ao Concello de Vigo, e démoslla, e cando lla demos sabe o que me dixó? Pedímoslla a tódalas institucións, a Xunta de Galicia, a tódolos afectados, as empresas privadas que están a facer o hospital privado e non nola deron, o único que nola deu foi o Concello de Vigo, porque esa é a forma. Vostede di que non nos sentamos con ninguén, señores do Bloque Nacionalista Galego e nos sentamos con todo o mundo, incluso con amigos seus e afiliados do seu partido que é como ten que ser, co presidente do Comité de Empresa do hospital. Pero non só iso, o día 28 de xaneiro do ano 2015, como víamos que a Xunta de Galicia non nos chamaba, non tivemos ningún problema, chamamos a Xunta de Galicia e lle dixemos, están a facer un hospital privado cunhas empresas privadas, eu creo que o importante para quitar este proxecto adiante é que nos sentemos a falar, e nos sentamos a falar tamén coa Xunta de Galicia, para nós sentarnos a falar con ninguén, sentámonos co Bloque Nacionalista Galego a través dos traballadores que é como ten que ser, e sentámonos tamén coa Xunta de Galicia, como lle dicía, datos de orixe e destino, análise das posibilidades de prolongar as liñas xa existentes, analizamos tamén a creación de nova liñas que van ser necesarias dependendo de tódalas parroquias e especificando se hai que cubrir tódolos ámbitos de Vigo ou debe actuarse tamén nalgunha zonas con lanzadeiras específicas a un punto neuráxico da cidade; porque cremos que ten que ser un transporte de forma transversal, dando a posibilidade en todo caso de acceder a este hospital privado, ben de forma directa, ou ben mediante o transbordo dende calquera punto. Estudo das necesidades de

desprazamento do persoal do centro porque temos que ten en conta que nestes momentos temos máis de 3.000 traballadores que en varias quendas de traballo fan a súa función neste hospital privado que temos que satisfacer, e como non, coincidimos co Bloque Nacionalista Galego que ten que ser un parking gratuíto e que tamén pensamos que o servizo de taxi ten que ser coordinado e nestes momentos non está.

SR. ARAÚJO PEREIRA: Sr. Regades, a verdade é que agradezo a súa posición, é verdade que o que nos preocupa dende o grupo municipal do Partido Popular e entendo que tamén lle preocupa ao Partido do Goberno igual que o Bloque Nacionalista Galego e que os cidadáns teñan o mellor servizo e a planificación de servizo canto antes, máis que nada porque o hospital nun par de meses estará en funcionamento e iso hai que anticipalo, estamos mirando e os cidadás tamén o demandaban que ese servizo non había nada planificado e basicamente o motivo da moción é ese, non vai máis alá, iso de que non sexa construtiva, simplemente é unha chamada de atención porque vense atrasos na planificación.

Despois tamén na coordinación é certo, non imos a votar balóns fora, é verdade que a coordinación dentro do Concello é fundamental e fora tamén, seguramente non se estean facendo as cousas da mellor maneira posible dende a Xunta de Galicia nesta coordinación respecto ao hospital, pero tampouco dende o Concello, digamos que as responsabilidades son compartidas, eu son concelleiro da oposición deste Concello e teño que facer a oposición na labores que me toca, e as labores que me toca son facer oposición a algo que creo que dende o Concello non se está a facer ben.

Respecto ao segundo punto da súa emenda de engádeda é verdade que ogallá todo fora gratis neste país, é verdade, é verdade que indubidablemente hai que buscar bonificacións nos aparcadoiros de mil maneiras, pois persoal que estea internado durante moito tempo, pois os familiares terán que ter bonificacións, tamén os traballadores, pero é certo que os aparcadoiros teñen un custe: persoal, de electricidade, un custe que dalgunha maneira ten que ser repercutido, eu entendo que os prezos non poden ser como os dos aparcadoiros normais pero si o que ten que haber un certo custe, e ten que estar regulado porque sen non este mesmo motivo tódolos aparcadoiros da cidade a cidadanía poderían dicir que tiñan

que ser gratis, igual que o transporte, é inasumible, e todos sabemos que é así, entón hai que intentar facer política máis seria e sobre todo con datos.

Iso é o que buscamos e isto é o único que buscabamos.

PRESIDENCIA: Prégolle ao público que escoite en silencio pero prégolle aos concelleiros do Partido Popular porque levan toda esta moción e a anterior falando sen parar, polo tanto non lle podo pedir ao público que respecte o silencio no Pleno se vostede Sr. Bernárdez é o que máis está a imposibilitar que falen os que teñen o uso da palabra.

SR. ARAÚJO PEREIRA: A conclusión e o motivo da moción é basicamente que cheguemos a tempo e que se faga dunha maneira eficiente este plan, sobre todo porque a min preocúpame ter que ir ao hospital nun transporte público e non saber como ir e que me atendan como en calquera hospital de Vigo público como este, e non saber como chegar alí nun transporte público.

PRESIDENCIA: Como nesta moción presentada polo grupo municipal do Partido Popular hai unha engádeda do Bloque Nacionalista Galego, imos votar en primeiro lugar a emenda de engádeda e logo votaremos a moción incluída a engádeda se se acepta e se non nos seus propios termos. O Partido Popular non acepta a emenda, polo tanto non a poñemos a votación e poñemos a votación a moción nos termos presentados.

(No momento da votación preside a 1ª Tenente de Alcalde, Sra. Silva Rego)

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 14.01.2015 (Rex. Nº 1029/1101), polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Relova Quinteiro, cuxo texto

consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

4.3(89).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL A CUMPRIR COS COMPROMISOS ADQUIRIDOS COA UNED E XESTIONAR O TRASLADO ÁS INSTALACIÓNS DO AUDITORIO MAR DE VIGO. EXPTE. 1054/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 11 de febreiro de 2015, número 1054/1101, o concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Relova Quinteiro, formula a seguinte,

MOCIÓN

No mes de maio de 2014 o Sr. Alcalde informou ante os medios de comunicación que a aula de UNED trasladaría a inicios do curso 2014/2015 as instalacións da mencionada institución ao Auditorio Mar de Vigo. Entramos no último tramo do curso escolar e non se soubo nada máis da posibilidade de trasladarse a esta nova ubicación. O profesorado e alumnado en diferentes ocasións manifestou a problemática existente achega do reducido espazo na actual ubicación.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal Popular no Concello de Vigo somete a consideración do Pleno a aprobación do seguinte ACORDO:

Instar ao alcalde da cidade de Vigo a cumprir cos compromisos adquiridos coa UNED e xestionar canto antes o traslado ás instalacións do Auditorio Mar de Vigo. Así como tamén xestionar que o alumnado non se teña que trasladar á sede de Pontevedra para realizar os seus exames nas diferentes titulacións de Grado.

Con data 16 de febreiro de 2015, a Comisión Informativa de Economía, Facenda e Educación ditaminou favorablemente dita proposta.

DEBATE:

SR. RELOVA QUINTEIRO: Quería primeiro dicir, que historicamente a cidade de Vigo acollese a sede da UNED dende logo foi un avance importante, dunha relevancia

increíble, impresionante para as persoas que viven nesta cidade e que xa non teñen que trasladarse, pero hai varios problemas, entre eles precisamente que teñen que seguir trasladándose a Pontevedra para facer os seus exames de grado, de fines de trimestre, etc. co cal nesta moción se incluía a petición de que se solicitase ante a UNED a posibilidade de que o alumnado se puidese examinar aquí na sede. Pero tamén hai outro problema máis gordo aínda e é que o Alcalde leva meses anunciando o traslado das instalacións para o Auditorio Mar de Vigo, ese pequeno gran caixón desastre que é o Auditorio Mar de Vigo e que parece que pode entrar practicamente todo.

Dito isto, quero lembrar aquí o inevitable papel, o importante papel que tivo da Deputación Provincial de Pontevedra á hora de poñer en marcha a UNED, é verdadeiramente importante o papel que xogou, iso é ineludible e hai que agradecerllo porque llo agradece o alumnado e o profesorado pero o ,espacio quédase pequeno, hai problemas verdadeiramente importantes.

Pero dito isto evidentemente o trasfondo de todo isto é un incumprimento que se presentou dende hai meses na prensa dicindo o Alcalde que se ía levar, ía empezar o curso, empezou o curso, acaba o curso e non sabemos nada, rogo que se cumpra.

Dende logo o grupo municipal estamos de acordo que é unha boa situación, persoalmente creo que está perdendo identidade cultural o colector Auditorio Mar de Vigo. Precisamente dicía o Sr. Rodríguez Escudero que eu teño que ver, entender a figura do Auditorio Mar de Vigo, eu a vexo, é o icono da nosa cidade do século XXI, o máximo na modernidade, é un enclave pero falla o contido, o que hai dentro e como funciona, e podíalle facer un longo estudo. Pero volvendo ao tema de antes eu creo sinceramente que o billete da cultura porque ten que ver todo, gustoulles moito, o que pasa é que lles amolou que este tema non haxa saído de vostedes, eu imaxínome ao Sr. Abel Caballero na ducha pola mañá e oíndo na radio a Sra. Muñoz dicindo o billete da cultura, e dixo: “encántame esa idea, preciosa”, de verdade imaxínome, pero claro evidentemente ocrúeselle ao grupo municipal, ao equipo da Sra. Muñoz. O billete da Cultura non é para entrar nos museos gratis, porque xa son gratis, é algo máis. Como se insultou a unha persoa que non está aquí diante e ademais é unha muller, a min paréceme un pouco unha falla de respecto.

Hai moitas cousas que habería que lembrarlle ao goberno municipal, e dende logo

a min me toca, como dicía o meu compañeiro o Sr. Araújo, facer oposición leal e construtiva, e diso voume encantado porque creo que fixen unha oposición leal e construtiva, sincera e lles agradecín cando tiña que agradecerlles, fixen e dixen as cousas que tiña que agradecer, etc. e tamén ás persoas do Bloque Nacionalista Galego neste caso como recoñecemos hai un momento a labor da Sra. Veloso. Co cal, de verdade, sinceridade, construción e lealdade esas son palabras que de verdade debemos de gravarnos tódolos políticos. Pero hai unha cuestión que eu a verdade creo que fallei, porque Aristóteles dicía que a tarefa básica do retórico era descubrir os mellores medios de persuasión, nesta moción que hoxe presentamos o grupo municipal do Partido Popular intenta utilizar o máis puro sentido da palabra “persuasión” para convencer ao goberno municipal da imperiosa necesidade de finalizar de verdade as obras no auditorio Mar de Vigo porque parece que o goberno municipal ignora o mandato constitucional do artigo 44.1, “os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso a cultura a que todos teñen dereito”, xa que xustifica e parece ser que o investimento no Auditorio se base exclusivamente na rendibilidade económica e de área comercial e turismo congresual e de negocios, borrarón dende logo a cultura. Eu síntoo cando o Sr. Rodríguez Escudero di o “que fixemos” pero vostedes toman o pulso ás persoas, aos protagonistas da Cultura nesta cidade e aos seus consumidores, non ven ao Auditorio Mar de Vigo como un referente cultural e cáleme porque antes dicíame que había feito un sectarismo co informe de Cultura.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Moi brevemente, todo o que sexa loxicamente aumentar a oferta da UNED para os estudantes/as parécenos ben, e a verdade é que unha vez que se ten conseguido a implantación desta aula da universidade é preciso que non caíamos na compracencia e que sigamos avanzando na procura non só de aumentar as especialidades que se imparten, senón tamén de que a situación e o espacio para estes estudantes/as sexa o máis acado posible e que recolla realmente as demandas tanto dos profesores/as como do propio alumnado.

Polo tanto, en canto a situación a nós tamén parécenos unha boa idea ese traslado ao Auditorio Mar de Vigo e tamén loxicamente nos unimos á procura de que no prazo máis breve posible se materialice ese traslado, todo o que é traballar pola UNED e para os nosos vigueses/as teñan aínda máis facilidades estaría ben visto

por todos e polo tanto imos apoiar esta moción.

SRA. ALONSO SUÁREZ: Na súa moción Sr. Relova vostede fala dos compromisos adquiridos polo Alcalde coa UNED, perdoe que lle corrixa, o compromiso do Alcalde, o Sr. Abel Caballero, é cos cidadáns de Vigo, cos estudantes da nosa cidade, con eses estudantes que antes tiñan que desprazarse a Pontevedra para poder facer esa formación que demandaban, un Alcalde que prometeu que a UNED estaría en Vigo, e aquí está, pese a quen lle pese, porque se é por vostedes Sr. Relova, os do Partido Popular, a UNED non estaría na nosa cidade. Lémbrolle que xa en setembro de 2010 o voceiro do seu partido en Pontevedra dicía que ía facer todo o que estivera nas súas mans para que a UNED non viñera a Vigo, palabras textuais recollidas nos medios de comunicación, pero tamén o Sr. Louzán presidente da Xunta Reitora do Padroado da UNED defendía como causa nobre para Pontevedra que Vigo non tivese UNED, e tódolos atrancos que puxeron para que este proxecto non saíra adiante na nosa cidade, o Sr. Louzán tamén presumía de que a Deputación de Pontevedra é a que máis cartos achega a UNED de Pontevedra, e a de Vigo que achegan? Dígollo eu que o sei, nada, e a Xunta de Galicia que achega? Fácil, nada de nada. Vostedes sempre contra Vigo e a UNED está na nosa cidade, ocupando un edificio de máis de 660 metros cadrados, un edificio que tanto para esta curso académico como para o que ben satisfai as necesidades de espacio demandadas, pero queremos máis, é vontade deste goberno que as instalacións para este servizo sexan máis amplas. Este goberno co seu Alcalde á cabeza, segue traballando por eses estudantes que se cuadruplicaron este ano en número coa implantación dos cinco grados e que seguirán aumentando porque se está a traballar por Vigo, con Vigo e sempre pensando nas viguesas/es. Que se está a facer? Pois estanse a facer as cousas como teñen que facerse, e como as fai este goberno, ben, e partindo sempre do que nos propoñen os implicados, os profesores e os alumnos da UNED, das súas necesidades e logo facendo as cousas paso a paso, e para que non lles quede ningunha dúbida voules explicar dun xeito sinxelo eses pasos, primeiro solicitamos da UNED as necesidades que xurdirán nos anos vindeiros co desenvolvemento dos grados, necesidades tanto de superficie como de equipamento básico ou máis, en anos vindeiros, como lle dicía porque polo de agora non é preciso. Con esas superficies e as premisas de acadar un lugar céntrico

e ben comunicado para o ben dos alumnos que se desprazan, pedimos informe a Urbanismo deste Concello para ver as condicións urbanísticas que require un equipamento educativo deste tipo, e tamén a Patrimonio para saber se existe algún local municipal que cumpra estas características, como non o hai, buscase alugar un local e pídese un informe para saber como están os prezos de mercado na zona centro, e niso estamos, porque unha vez máis vostedes chegan tarde, porque hai que facer as cousas ben Sr. Relova, e con todo o meu respecto en vez de traer aquí esta moción trasládelle ao seu partido e ao Presidente da Deputación, que no tempo que lle queda poñan cartos para a UNED de Vigo, os mesmos como mínimo que poñen para Pontevedra. De tódolos xeitos non se preocupe que cando teñamos unha nova presidenta da Deputación xa nos mandará os cartos, non lle veña a reclamar a quen está achegando todo á UNED, reclámelle a quen non achega nada, pero nin a UNED, nin a esta cidade, nin aos seus cidadás.

SR. RELOVA QUINTEIRO: Guau! Pero imos ver, non me respondeu. O Alcalde é o que prometeu levar a UNED ao Auditorio Mar de Vigo, perdóeme vostede Sra. Alonso, historicamente o Alcalde vai pasar á historia por moitas cousas pero unha delas é que descubriu o esclavón perdido na evolución humana, o “homus pinacutecus”, que é o “homus pinacutecus”? É un ser que vai a pinacoteca a ver se pode ver a colección de arte que hai alí e está pechado, uns horarios intespectivos, de películas de terror. Teño a miña propia teoría do “homus economicus” porque aquí oín falar tanto das teorías keynesianas que creo que xa me deito polas noite con el, xa soño con el, non o coñecen nin saben de verdade as súas teorías, eu procurei estudalas cando era estudante de Xeografía e Historia e logo cando xa entrei no partido, dixeran: “canto keynes hai por aquí!”, se soberan verdadeiramente a transcendencia que ten positiva, vostedes deixárona a ras de terra, pobre Sr. Keynes. É tan superficial todo, non se pode Sra. Alonso, vostede que é unha responsable educativa, vir con superficialidade. Hai unha débeda histórica con esta cidade que é o Auditorio Mar de Vigo, abandonárono, inaugurarono hai catro anos baleiro, a concha acústica está, o piano de cola non está, etc. o semiprivatizaron e ao final non é un referente cultural, de verdade, segue sendo o Teatro García Barbón, incluso este Teatro que estamos aquí neste Auditorio, pero non é o referente do século XXI dunha Smart City.

Eu só quero aproveitar para dicir que estou convencido que no futuro iso vai ser o gran referente da cultura, da educación, e de todo aquilo que como alguén dixo, vontade política, vostede díxoo.

Pos deixando a un lado bromas, eu só quero dicir unha cousa moi importante, foi un honor compartir co grupo municipal do Partido Popular un compañeirismo exemplar, aprendín moito, doulle as gracias a Sra. Porro e ao Sr. Figueroa por este gran oportunidade, e por suposto a vostedes tamén lles agradezo e que me perdoen certas ironías, igual que lle pido ao Bloque Nacionalista Galego exactamente o mesmo. Moitas gracias.

PRESIDENCIA: Antes de pasar á votación, hoxe realmente é o último Pleno deste mandato e cada un hoxe deixou unha visión de quen son e de como se comportan, o nerviosismo das publicacións de onte non deben levarnos a faltar ó respecto a ninguén porque o que é certo é que neste Pleno. Señores do Partido Popular sexan respectuosos, logo non piden respecto para vostedes cando non o teñen.

Esta cidade cambiou neste oitos anos de mandato, dende o punto de vista cultural como nin sequera soñaban aqueles que se adican a defender a cultura, abríronse máis espazos culturais que en todo o resto da etapa democrática, deuse paso á creatividade dende o respecto á xente que se adica á cultura, non manipulándoos, mantivéronse a política cultural a pesares de que a Xunta de Galicia abandonou a esta cidade, a Deputación abandonou a esta cidade e o Goberno de España abandonou a esta cidade, recortando como nunca na historia o financiamento á Cultura, tanto á cultura que se xestiona dende o público, como á Cultura que se xestiona dende as fundacións, que o Partido Popular fale de apoio á Cultura, síntoo moito pero ven a ser unha broma de mal gusto, cando abandonaron á Cultura en Vigo e en Galicia como nunca antes ocorrera, vostedes cada vez que hai un problema de financiamento o primeiro que recortan é a Cultura e a Educación porque vostedes non cren nin na Cultura nin na Educación pública, xamais a defenderon e polo tanto aquí o que non se pode e vir a mentir. Se en Vigo hai un Auditorio é porque o Alcalde desta cidade fixo un esforzo tremendo para facelo porque vostedes deran unha concesión que debería estar nos xulgados, probablemente, e polo tanto, os únicos nesta cidade que non poden falar sobre a xestión do Auditorio e do Auditorio é o grupo municipal do Partido Popular, habería

que preguntarlle moitas cousas á Sra. Porro sobre a súa construción e sobre a súa concesión, o que é certo é que hoxe hai un Auditorio porque houbo un Alcalde que pelexou para que o houbera, que está cheo de contidos, de Cultura. Se vostedes consideran que as bandas de música de Vigo, que as corais de Vigo non son cultura, vaian e díganllo abertamente, tódolos domingos 1.500 persoas asisten gratuitamente, por certo, en ningún outro Auditorio de Galicia ábrese os domingos para que a xente poida gozar gratuitamente da cultura.

O que non se pode vir aquí é a faltar ao respecto, e o que é o Sr. Caballero é o mellor Alcalde que tivo Vigo na súa historia, sobre todo por defensa da Cultura, e non se pode vir aquí a faltar ao respecto por moito que se digan “latinajos”, por certo, bastante mal construídos.

(No momento da votación preside a 1ª Tenente de Alcalde, Sra. Silva Rego)

VOTACIÓN: Con quince votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Alonso Alonso, Araújo Pereira, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Muñoz Posse, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, e máis dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e dez abstencións dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 11.02.2015 (Rex. Nº 1054/1101), polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Relova Quinteiro, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

4.4(90).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR

INSTANDO DO GOBERNO MUNICIPAL A DAR EXPLICACIÓNS SOBRE RESOLUCIÓN XUDICIAL REFERIDA AO “ED. ASEFAL”. EXPTE. 1085/1101

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 15 de abril de 2015, número 1085/1101, o concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Fidalgo Iglesias, formula a seguinte,

MOCIÓN

Nos últimos meses, pese ao que oculta o alcalde, téñense producido sentencias xudiciais contrarias aos intereses do Concello e, como consecuencia para todos os vigueses.

A máis recente é a referida ao pago do aluguer do edificio Asefal, polo que o xuíz ordena o abono de preto de 400.000 euros polo impago da cantidade correspondente ao período 2012-2013. Un fallo que sumase ao producido no mesmo senso, e por unha cantidade similar, no ano anterior.

Ante este grave despilfarro, polo capricho de recurrir o “irrecorríble” e que grava as arcas públicas e ante a falla de explicacións por parte do alcalde propoñemos ao Pleno da Corporación que adopte o seguinte acordo:

“Que o alcalde e o goberno municipal dean ante o pleno as explicacións políticas dos motivos polos que se chegou a esta situación e asuman o compromiso de que, ante situacións semellantes, variará a forma de actuar sobre os recursos xudiciais”.

Con data 20 de abril de 2015, a Comisión Informativa de Xestión Municipal ditaminou favorablemente dita proposta.

DEBATE:

SR. FIDALGO IGLESIAS: Vergoñento, lamentable e indignante. Vergoñento é que vostede no ano 2011 ocupen con k, sitúen alí no edificio Asefal, na rúa Elduayen número 36 ao Instituto de Estudos Vigueses, á Axencia Municipal da Enerxía e á Fundación Carlos Casares e non paguen o recibo, iso é vergoñento.

Lamentable, lamentable que sexan vostedes e que ademais o Concello de Vigo vaia por aí de “pufero”, e que os vigueses tivemos que pagar o ano pasado 456.487 euros obrigados por unha sentenza xudicial que incluso tiveron o valor de recorrer e por suposto perderon.

Pero o que xa resulta indignante cando menos, é que un ano despois o Concello volva ter que pagar outros 430.000 euros por outra sentenza que demostra o absoluto descontrol que hai neste goberno municipal. Por iso isto é vergoñento, lamentable e indignante, porque isto é de traca, resulta que o capricho e a soberbia do Alcalde vainos custar cerca de un millón de euros aos vigueses, con todo o respecto que lle teño a todos e cada un dos membros do goberno municipal, vostedes son uns auténticos incompetentes e o que nos preocupa, como principal grupo da cidade, o que gañou as eleccións, aínda que vostedes gañen nas enquisas, nós gañamos as eleccións, porque están poñendo o carro antes que os bois, vostedes nunca gañaron as eleccións, o Sr. Caballero xamais gañou unhas eleccións está aí perdendo as eleccións do 2007, está aí perdendo en 2011 as eleccións e xa non estará aí porque xa non estará o Bloque Nacionalista Galego para apoialo en 2015 porque volverá a perder as eleccións, como fixo sempre, daba igual se se presenta por A Coruña se se presenta por Vigo, perderá as eleccións.

Con todo o respecto lle dicía que vostedes son uns auténticos incompetentes e o malo é que a súa negligencia e mala xestión estalle custando cartos á cidade, uns cartos que non son seus, non é do Partido Socialista nin do goberno municipal, nin do Alcalde, é de todos e cada un dos vigueses, que agora estamos a ver como nos están pasando o recibo da circulación e vemos como ese recibo, máis de 20.000 recibos que se van pagar, van ser para pagar unhas sentencias pola soberbia do goberno municipal e do Alcalde de non rescindir correctamente un contrato de aluguer.

Señores do Partido Socialista, erros os ten calquera, ata os do Partido Popular cometemos erros, se isto fose un erro dende o Partido Popular denunciariámolo e houberamos esixido que puxeran os mecanismos para que non volver suceder, pero o que está pasando non é un erro, son as consecuencias dun estilo de xestión baseado na absoluta improvisación, na ocorrencia e na absoluta soberbia. A realidade é unha, a realidade é que vostedes presumen de boa xestión, dicía antes a concelleira de Educación, a Sra. Alonso, “bos xestores”, pero compróbase que ao final estiveron de ocupas dende 2011 ata 2012, tivemos que pagar 456.000 euros e agora hai que volver pagar 430.000 euros, por iso se demostra que non fixeron vostedes a entrega efectiva do inmovible e por iso lle pedimos explicacións ao Alcalde de que isto no volva suceder e que estableza os mecanismos de xestión,

porque hai que estar na xestión do día a día e non nas decisións de que isto non volva a suceder.

SRA. VELOSO RÍOS: Vou intentar ser máis breve porque non entendo moi ben porque nos adicamos a estas horas que tódalas persoas que estamos aquí estamos convencidas do que imos votar, porque nos adicamos xusto agora a facer campaña electoral cando o que temos é fame. Entón a estas horas e dadas as circunstancias vou ser breve, o que si é certo é que nós cando limos esta moción, á vista do acordo, decidimos absternos e o certo é que a exposición do Sr. Fidalgo non se corresponde co acordo, nós podemos estar de acordo cos problemas de xestión que levan a que haxa sentenzas en contra do Concello de Vigo, e de feito precisamente por iso decidimos absternos porque o acordo di que “o Alcalde e o goberno municipal dean ante o Pleno as explicacións políticas dos motivos polos que se chegou a esta situación, e asuman o compromiso de que ante situacións semellantes variará a forma de actuar sobre os recursos xudiciais”, non sabemos moi ben que está propoñendo o Partido Popular, se está a propoñer que non se recorran as sentencias en contra do Concello o cal tampouco nos parece razoable pois haberá que decidir segundo as sentenzas se se recorre ou non se recorre, priorizando sempre a defensa do público. Entón non entendemos moi ben que quere dicir esta proposta. Por outra banda se o problema é de xestión previa pois o que haberá que solucionar será a xestión que evite sentencias en contra do Concello de Vigo pero non un compromiso de variar a forma de actuar sobre os recursos xudiciais.

Realmente nós non entendemos esta moción, non nos parece coherente a exposición de motivos co acordo, non nos parece coherente a exposición que acaba de facer o concelleiro co acordo que se propón e polo tanto ímonos abster porque realmente resulta difícil de encaixar este acordo en ningún dos argumentos que se acaban de dar e cos que nós podemos estar de acordo se nos referimos aos problemas de xestión que hai por parte deste Goberno, pero non estamos dispostos a aprobar a que se asuma un compromiso de cambiar a forma de actuar sobre os recursos xudiciais dunha maneira así tan inconcreta.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: A min dáme a impresión de que o Sr. Fidalgo nin sequera se

leu a sentenza, eu creo que vostede veu a facer aquí méritos pero xa vai de número sete na candidatura súa malo será non saia elixido.

Sabe Sr. Fidalgo o que é unha vergoña grande? E que nós, este goberno presidido polo Sr. Abel Caballero, tivo que facer fronte a pagos millonarios en responsabilidades patrimoniais por decisións ilegais tomadas por vostedes cando gobernaban, iso si que é vergoñento.

Dígolle que non se leu a sentenza porque o contrato ven de moito antes a nos tomar posesión no 2007 no goberno, cando nos chegamos aquí xa había un contrato e había neste caso a Fundación Casares, Faimevi, Estudos Vigueses tamén o Catastro, a Mancomunidad de Vigo e asómbrese, un locutorio privado había aí tamén, non sei quen fixo o contrato nin con que intención, eu non sei quen o fixo nin quen era o dono do local.

Para “puferos” vostedes, porque Sr. Fidalgo voulle poñer un exemplo, nós a pesares desta sentenza, que é ditada pola maxistrada xuíz e despois confirmada no recurso, di que a comunicación que se lle fixo á empresa para dicir que veña a recoller as chaves e incluso á entrega efectiva que se fixo delas, pois que iso non é acorde e polo tanto nos condena, punto. Iso é o que hai, pero a pesares desta sentenza este goberno está aforrando cartos, porque moitas destas entidades hoxe están no antigo edificio do reitorado, no edificio Areal, que por certo nese edificio había unha xaula de ouro para a anterior Alcaldesa do Partido Popular, por certo que nos deixaron vostedes todo aquel mobiliario coas facturas no caixón e sen pagar, iso deixárono vostedes, todo aquel mobiliario de luxo deixárono nos caixóns e sen pagar, por iso estamos aforrando cartos.

Sabe para que aforramos cartos, Sr. Fidalgo? Para ter agora mesmo débeda cero, fronte a 105 millóns de débeda que deixaron vostedes, e para ter un plan de emprego que nestes días están a traballar 140 veciños/as de Vigo en Plans de Emprego en Vigo, e ademais van entrar outros 68 en vindeiros días, para iso é o bo saneamento económico e xestión económica que fai o Alcalde o Sr. Abel Caballero. Voulle dicir máis, para facer política social, para non deixar a ningún neno/a sen bolsas de comedor, para axudar nos alugueres, na tarxeta de dignidade para comer, pero tamén para a enerxía e políticas “keynesianas” Sr. Fidalgo, non só para renovar as beirarrúas e rúas, co importante que é para a veciñanza, senón tamén para cambiar o abastecemento e o saneamento, iso faise cando se ten unha boa

xestión económica.

Por se fora pouco Sr. Fidalgo, todo iso rebaixando impostos, que lle parece? Mentres que vostedes onde gobernan como en A Coruña, vostedes soben os impostos, teñen o Concello quebrado, teñen máis de 22 millóns de euros no caixón e despois fan alí un espectáculo no Parrote ata cunha pasarela de 600.000 euros e un banco de 18.000 euros, a todo luxo, esa é a política económica que fan vostedes.

Sr. Fidalgo, a mellor xestión económica facendo obras e atendendo ás persoas e aos veciños/as, iso é o que fai esta Alcalde o Sr. Abel Caballero, o mellor Alcalde de toda a historia desta cidade, iso é o que o se fai cunha boa xestión económica.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Sr. Rodríguez Díaz eu non sei en que número vai vostede, eu non estou tan preocupado por vos.

Eu quería dicirlles que aquí o que hai é que pola súa soberbia e pola súa nefasta xestión e por non facer ben as cousas hai dúas sentencias, unha de xullo de 2013 que condena a pagar ao Concello 456.000 euros, que xa se pagaron, e agora outra sentenza de marzo de 2015 de 430.000 euros, 400.000 máis costas e intereses de demora, total o que hai é que por non ter rescindido correctamente un contrato de aluguer que vostedes mantiveron 2007, 2008, 2009, 2010, 2011 había institucións do Concello, incluso ata xuño 2012, vostedes que lles lembro que ese contrato de aluguer é de outubro de 1999, cando vostedes estaban no goberno co Nacionalista o Sr. Lois Pérez Castrillo, por non ter feito a rescisión correcta dese contrato, vostedes estalle pagando a unha empresa privada, 856.000 euros, que saben de onde saen? Saen do peto de tódolos vigueses/as, e é falso o tema da débeda cero, acabamos de mandar hai pouco as previsións a Madrid, os Marcos Orzamentarios e hai 12 millóns de euros de débeda, de débeda financeira e logo a débeda non financeira. Así que estamos roldando os 40 millóns, e gracias ao apoio do Partido Popular, que foi unha esixencia para non estar gastando 5 millóns de euros de gastos financeiros, gracias á responsabilidade do Partido Popular reducimos a débeda. Vostedes perderon as eleccións e vostedes están gobernando en minoría e por iso o Partido Popular fixo un acordo de orzamento de 2014 e por iso se baixaron os impostos e por iso calquera cousa que sexa boa para os vigueses/as vainas seguir apoiando o Partido Popular, gustaríanos saber se vostedes farían o mesmo? Non mintan nin manipulen, o que hai é unha sentenza máis que se suma ás de

once millóns do caso Miraflores, aos dos millóns do Camiño de Seara, ás das indemnizacións dos taxistas, á de SERAGUA, ao persoal do IMD e incluso aos dos servizo de Emprego. Vostedes teñen que estar máis no día a día, máis rigor e máis control. En resumen, menos televisión e máis xestión, menos samba e máis traballar.

VOTACIÓN: Con doce votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Alonso Alonso, Araújo Pereira, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Muñoz Posse, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, once votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e tres abstencións dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 15.04.2015 (Rex. Nº 1085/1101), polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Fidalgo Iglesias, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

4.A. MOCIÓN URXENTES DE CONTROL DO GOBERNO MUNICIPAL.

5.- FORMULACIÓN DE ROGOS.

5.1(91).- ROGO FORMULADO POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SRA. VELOSO RÍOS, RELATIVO AO DECRETO PARA A CONCESIÓN DE TARXETAS DE APARCADOIROS PROVISIONAIS RESERVADAS A PERSOAS

CON DISCAPACIDADE.

SRA. VELOSO RÍOS: Dende o Bloque Nacionalista Galego temos un rogo para que no Concello se aplique, de maneira sistemática, un protocolo para aplicar un decreto que se aprobou no mes de decembro para a concesión de tarxetas de aparcadoiros provisionais para as prazas reservadas a persoas con discapacidade, en casos de mobilidade por enfermidades graves, por razóns humanitarias, iso está recollido nun decreto aprobado no mes de decembro pero aínda non se estableceu un protocolo para que esa concesión provisional se faga da maneira o máis áxil posible como corresponde nestes casos, porque estamos falando de persoas con mobilidade reducida, nalgúns casos por enfermidades graves e que precisan esa tarxeta en pouco tempo. Sabemos que si xa hai unha solicitude que se contestou e que se tramitou de maneira rápida pero rogaríamos que se estableza algún tipo de protocolo para axilizar ó máximo posible esta tramitación.

PRESIDENCIA: Tomamos nota.

6.- FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

6.1(92).- PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA, RELATIVO ÁS AXUDAS SOCIAIS.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: A pregunta é cal é a razón, queríamos saber por parte do Goberno municipal se nos pode dicir, cal é a razón pola que a día de hoxe non se puxeron en marcha aínda a tramitación das axudas sociais que tan necesarias e urxentes son para as persoas que están a sufrir a pobreza e a exclusión na nosa cidade.

PRESIDENCIA: As axudas sociais que este Concello está aplicando son de tal

magnitude e importancia que é o único concello de toda Galicia e coido que de toda España que o está aplicando, por iso lle damos a máxima celeridade sabendo a importancia que ten porque é unha decisión deste goberno que imos manter.

6.2(93).- PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SR. ALONSO PÉREZ, RELATIVO A QUE TIPO DE ACTIVIDADES HAI PARA A CELEBRACIÓN DO 17 DE MAIO.

SR. ALONSO PÉREZ: Queríamos saber que orzamento hai e que plan de actividades para a celebración do 17 de maio.

PRESIDENCIA: Contestarémolle por escrito porque non o teño aquí diante.

PRESIDENCIA: Non habendo máis cuestións quería dicirlles a tódalas concelleiras/os que este é o último Pleno ordinario que temos, teremos un Pleno extraordinaria no mes de maio para aprobar as actas, pero é o último Pleno ordinario, polo tanto, hoxe conclúe en termos de Plenos o mandato, que quero simplemente felicitar, agradecer todo o traballo de tódolos concelleiros/as que o compoñen, lamentar que un bo amigo e un concelleiro don Pablo Beiro, tivera o seu pasamento, enviarlle un recordo a súa familia e a el, desexarlle todo o mellor aos que continúan noutro ámbito político ou na súa vida privada ben porque non van nas listas ou porque non saíran elixidos, continúen a súa andadura en tantos outros rumbos e agradecerlle a todos/as de acordo co seu traballo e a súa conciencia, o traballo que fixeron por esta cidade. Levántese a sesión.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás catorce horas e cincuenta minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada

coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.

DILIXENCIA:

Esténdese para facer constar que a presente acta corresponde á sesión ordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2015. Consta de folios da serie A numerados do ao, e números do ao Aprobouse na sesión extraordinaria do Pleno do día 3 de xuño de 2015.

Vigo, a 3 de xuño de 2015

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

José Riesgo Boluda